O propio ambiente da aula-departamento no que impartimos as nosas materias é toda unha declaración de intencións e un canto á lectura. A parede do fondo está decorada con dous grandes murais. Nun deles temos o comenzo da *Iliada* en grego e castelán. No outro un poema de Catulo en latín. Hai unha estantería con libros de consulta adecuados a todas as idades e cos libros de lectura obrigatoria aconsellados para o bacharelato. En outra mesa están os libros de lectura mais sinxelos que soen escoller os alumnos da ESO para realizar o seu traballo. Todos están á vista e poden ser consultados ou poden levarse para a casa previo consentimento do profesor. Temos tamén un armario cheo de libros de todo tipo que están tamén á súa disposición. O feito de estar no armario é unha cuestión de falta de espazo físico no exterior non de prohibición. Alí están desde libros de texto de varias editoriais ata novelas históricas, ensaios sobre diferentes aspectos das nosas materias, libros de cultura clásica para nenos, edicións de autores clásicos en latín, grego, bilingües, castelán ou galego. Algúns destes libros pertencen ao departamento. Outros son propiedade persoal da xefa de departamento. Pero sempre están dispoñibles para os alumnos interesados. Para nos é fundamental que os nenos vexan os libros, que estén en contacto directo con eles, que lles perdan o medo, que sintan curiosidade por eles.

Na biblioteca do centro temos tamén unha sección adicada a libros relacionados cas nosas materias que poden consultar ou levar para a casa calquera membro da comunidade educativa.

Nos primeiros días de curso, cando se lles explica a programación aos alumnos, se fala do traballo trimestral que teñen que facer sobre un libro. Iso danos pé para ensinarlles os libros que temos na aula-departamento, falar acerca da lectura e invitalos a ler calquera libro dos que temos alí que lles resulte interesante. A nosa particular mini-biblioteca está ahí por e para eles.

Na asignatura de Latín os alumnos teñen que ler un libro cada trimestre e facer un traballo sobre él. Poden escoller libremente a novela histórica, de literatura xuvenil, ou o libro de contos que queiran. Non hai un libro único para que o lean todos os alumnos por dous motivos. Un é o distinto grado de pericia lectora que nos atopamos. Hai nenos que confesan que nunca leron un libro completo na súa vida (por increíble que pareza) mentras que outros son grandes lectores. O outro motivo é que non a todos nos resultan atractivos os mesmos temas. Uns prefiren historias sobre mitoloxía, outros sobre gladiadores, historias de amor, persoaxes históricos etc. Hai a quen lle gustan os comics e quen adora os manga. Para nos iso é irrelevante. O importante é que lean. E que lles guste o que lean. Nada se converte nun hábito se non causa pracer. Hai que intentar engancharlos á lectura. Despois xa haberá tempo para educalos nesta arte e que vaian lendo cada vez libros de maior dificultade e profundidade. Para chegar a correr primeiro hai que gatear.

Para escoller o libro adecuado é habitual que o alumno lle pregunte ao profesor de qué vai cada libro e a súa dificultade. Entre os dous se intenta buscar o adecuado. Normalmente acértase. Pero se non é así, e sempre que dé tempo a rematar o traballo no prazo fixado, o alumno pode cambiar de libro en calquera momento do trimestre. Repetimos: a lectura ten que ser un pracer.

O traballo consta de dúas partes. Por capítulos hai que facer un resumo e unha reflexión persoal acerca de algún tema que aparecera no texto. O resumo non lles soe dar problema se entenderon o capítulo. O difícil para eles é reflectir en palabras as súas propias ideas, sentimentos e emocións. Non están acostumbrados. É mais sinxelo “vomitar” o que outros dixeron que sacar á luz os propios pensamentos. Moitas veces non saben o que lles estou pedindo. Por iso, e con consentimento expreso dos autores, lles leo algún diario de lectura especialmente bo escrito por outros alumnos do seu curso ou de cursos anteriores.

A cualificación de este traballo aparece nesta programación polo que repito o escrito anteriormente.

. PUNTOS QUE SE TERÁN EN CONTA PARA AVALIAR O TRABALLO DE LECTURA DUN LIBRO.

EN CONXUNTO	O contido do traballo está ben estruturado: unha idea segue a outra nunha secuencia lóxica, con transicións e uso de títulos claros, mantendo o formato. É doado de ler.
	O texto garda unidade temática e coidouse a súa claridade, respectando a estrutura gramatical. Non hai erros ortográficos nin gramaticais en todo o traballo.
	A extensión do traballo cínquese ao solicitado polo profesor ou a profesora, sen que sobre nin falte nada.
RESUMO	Cobre o libro obxecto do traballo con profundidade.
	O texto mostra que o coñecemento do libro é excelente.
DIARIO DE	Os temas trátanse de forma creativa, sorprendente, amena, única.

LECTURA	As reflexións gardan unidade lóxica e coidouse a súa claridade
	O final do traballo é orixinal, e inclúe unha reflexión profunda e conclusións

O traballo sobre o libro (resumo e diario de lectura) non é obrigatorio. Conta un 10% da nota final.

CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

Na metodoloxía usada no proceso de ensinanza-aprendizaxe desta materia xa aparece reflectida a nosa contribución ao plan TIC.

Por parte do profesor as “novas” tecnoloxías son utilizadas a cotío na aula. Cada vez que xurde unha dúbida para a que non ten resposta acude a Internet para intentar atopar a solución ou lles manda aos alumnos como tarefa que a busquen eles mesmos. Mui a miúdo se lles poñen aos alumnos na aula contidos de páxinas web que exemplifican, profundizan ou resumen o dito polo profesor. Utilízanse fragmentos de documentales e películas, dentro da legalidade, para explicar visualmente certos contidos. Se lles recomentan páxinas web e incluso de Facebook ou Twitter de cultura clásica, latín e grego para que sacien a súa curiosidade por estes temas.

Por parte do alumnado as TIC úsanse para facer certos exercicios dixitais que veñen no disco do libro de texto de Casals. Tamén se utiliza Internet para buscar calquera tipo de información que necesiten para solucionar algunhas tarefas. E sobre todo para facer o traballo trimestral sobre un tema proposto polo profesor e para o que van ter que buscar información na rede.

No departamento temos abundante material audiovisual a disposición do alumno, previo permiso do profesor.

CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

A lei 4/2011, do 30 de xuño, de Convivencia e participación na Comunidade Educativa, fai fincapé na necesidade de manter un clima de convivencia e armonía nos centros educativos, baseado no respecto mútuo, pero tamén en promover valores, actitudes e prácticas que permitan unha mellor convivencia escolar.

Seguindo estas directrices, o IES Punta Candieira desenvolve un programa de convivencia que promove a relación positiva e afectiva entre os membros da comunidade educativa. Así, existe unha aula de convivencia onde se desenvolve unha estratexia pedagóxica dirixida á resolución de problemas e conflitos, entendida como un espazo de reflexión e observatorio de convivencia. Lévanse a cabo actividades dentro do horario de titoría encamiñadas ó desenrolo individual da persoa, así como programas de habilidades sociais e encontros familia - escola buscando a mellor colaboración e máxima eficacia.

Nesta liña, o Departamento de Clásicas participa de forma directa no desenvolvemento do Plan de Convivencia do centro.

E xa dentro do ámbito xeral, levamos a cabo unha participación directa nas actividades de atención educativa e atención á diversidade que funcionan dentro do marco educativo do noso instituto.

Tal e como se reflexa no plan de Convivencia, cremos que a convivencia e a participación é un dos obxectivos fundamentais da educación, e non debe centrarse simplemente nunha aplicación de medidas disciplinarias; por iso pretendemos desenvolver no noso alumnado unha serie de valores e habilidades de comunicación e relación social. A pesar de todo, sabemos que os problemas de convivencia aparecerán porque son propios de calquera sistema de relacións humanas, pero a prevención contribúe a reducilos.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Este curso, como todos desde hai xa moitos anos, os alumnos terán a posibilidade de acudir a unha excursión a Lugo ou Coruña no mes de marzo. Alí aproveitaremos para coñecer algúns dos museos da cidade e sobre todo para acudir á representación dunha traxedia grega e dunha comedia romana nas que os actores son rapaces de instituto de idades semellantes as dos nosos alumnos. Esta saída ten pois unha compoñente didáctica de primeiro grado pero tamén é unha oportunidade única para ver o aspecto máis lúdico da cultura clásica.

PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.

Unha vez ao mes o profesor revisa a programación e o seu grado de cumprimento e pon por escrito na acta do Departamento as posibles desviacións da mesma cos motivos que levaron a esa situación e as propostas de mellora que pensa levar a cabo.

Tras analizar a situación recollerá no libro de Actas o seu análise, as conclusións pertinentes e as propostas de mellora e os cambios na programación que considere oportunos

Información ás familias e ao alumnado.

A principio de curso o profesor informará aos alumnos na aula sobre a programación da materia e o seu dereito e o da súa familia a consultar dita programación en calquera momento. A programación completa estará á súa disposición ben no departamento, ou ben en Xefatura de Estudos. Por outra banda, na páxina web do Centro haberá a posibilidade de dispor dun resumo de contidos e criterios de cualificación que calquer membro da comunidade educativa poderá consultar en calquera momento. Ademais dito resumo, por escrito, estará á vista do alumnado nun lugar disposto pola dirección do centro.

En calquera caso, se as familias teñen alguna dúbida ben sobre a programación ou ben sobre calquer outro aspecto relacionado coa educación dos seus fillos por parte de este departamento, sempre pode pedir cita para ser recibido polo profesor ou a Xefa de Departamento, nas horas dispostas para atención a pais.

LATÍN II

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

O papel das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

O Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos, está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como a facilitar a mobilidade persoal dos seus cidadáns e das súas cidadás, e o intercambio de ideas. O Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER), publicado en 2001, é un documento de particular transcendencia, non só como ferramenta práctica para propiciar a reflexión sobre o ensino das linguas e a transparencia de cursos, programas e titulacións entre os estados e dentro deles, senón tamén polo recoñecemento da competencia plurilingüe e intercultural, que transcende o concepto de multilingüismo, no seu día piar dos enfoques das políticas lingüísticas máis abertas ao recoñecemento da diversidade. Hoxe, o MCER constitúe unha referencia para proxectos e documentos clave do Consello de Europa, como a "Guía para a elaboración e posta en marcha de currículos para unha educación plurilingüe e intercultural" (2010), na que se desenvolve a noción de plurilingüismo como eixe dun enfoque centrado na rede de relacións entre distintas linguas e culturas. Nesta mesma liña, enmárcanse o informe do Foro Intergubernamental Europeo "O dereito dos estudantes á calidade e á equidade en educación. O papel das competencias lingüísticas e interculturais", mantido en Xenebra en novembro 2010, e a Conferencia intergubernamental "Calidade e inclusión en educación: o papel único das linguas", mantida en Estrasburgo en setembro de 2013. En ambos os foros europeos, recoñécese a importancia da competencia lingüística e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de maneira específica, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Xa que logo, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias de coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación

do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, daquela, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural póñense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto dos dereitos fundamentais.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, os procesos e as estratexias que se traballan nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Así, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua, informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

Por outra banda, o tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Xa que logo, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos que é necesario desmontar e superar. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz das dúas linguas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

Finalmente, a situación de sociedade multilingüe e plural na que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice, e que os faga conscientes da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e o éxito escolar. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender nas aulas. No caso das áreas de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura, os currículos presentan contidos similares en gran medida, e unha distribución igualmente similar en cada un dos cursos que conforman a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. Evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, que requiren un tratamento e un traballo específicos, pero hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade ou similitude que presentan en ambas as áreas, precisan ben seren abordados de maneira parella, ben seren presentados só nunha lingua pero traballados e practicados en cada unha delas, e utilizar a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado. Por tanto, o profesorado implica do no proceso de ensino e aprendizaxe de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura, en cada curso de ambas as etapas, deberá organizar o seu labor nun currículo integrado, que transcenda as linguas nas que un/unha aprendiz sexa capaz de comunicarse. Isto supón recoñecer a existencia dunha competencia global para a comunicación lingüística e implica non só evitar a repetición de contidos nos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua, como son as estratexias de lectura ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos; senón tamén, e especialmente, priorizar a realización de actividades comunicativas de produción e comprensión de textos orais e escritos, pois destas depende o desenvolvemento da competencia xeral en comunicación lingüística.

Ademais, nos centros docentes teñen presenza linguas estranxeiras que tamén se abordan na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, pois o coñecemento dos valores e as crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada. Así, para o tratamento integrado de linguas é preciso que, igual que acontece non caso das dúas linguas cooficiais, haxa unha coordinación entre o profesorado destas e o de linguas estranxeiras, para evitar a repetición de contidos na liña das que se

mencionaron para as linguas ambientais, e para unificar a terminoloxía. Non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e ambientais.

Igualmente presentes nas aulas están as linguas clásicas, o latín e o grego, cuxo estudo a nivel fonético, morfosintáctico e léxico proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Desempeñan, pois, un papel relevante como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda; sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Xa que logo, é esencial a incorporación das linguas clásicas ao currículo integrado das linguas, para reforzar a reflexión lingüística do noso alumnado e fortalecer o seu acceso á cultura literaria.

Resulta obvio que, para a posta en práctica destes currículos integrados e o logro dos obxectivos plurilingües e interculturais que se perseguen, o profesorado é un elemento determinante, xa que deberá potenciar unha metodoloxía adecuada para levar a cabo enfoques comunicativos e proxectos plurais e transversais, promover a reflexión metacomunicativa e metalingüística e o contraste entre linguas, ou asegurar accións coordinadas entre os departamentos lingüísticos para decidir, entre outros, desde que lingua abordar o estudo dos xéneros discursivos ou as estratexias e os procesos cognitivos que están na base das actividades lingüísticas. Todo isto coa finalidade de construír en cada centro docente a coherencia pedagóxica no ensino das linguas.

As materias cuxos currículos se desenvolven ao abeiro desta introdución, as linguas, teñen como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Así, achegan as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.

A reflexión literaria, presente nun bloque de contidos nas linguas ambientais, o galego e o castelán, e nas linguas clásicas, a través da lectura, mediante a comprensión e interpretación de textos significativos favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/das estudantes, dálles acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas, ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfrónaos/as a situacións, sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento deles/as mesmos/as.

En definitiva, estas materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadáns e cidadás cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións, propias, claras e fundamentadas, e de gozar, a través da lectura crítica de obras literarias.

A materia de Latín ten como principal finalidade introducir o alumnado no coñecemento dos aspectos esenciais da lingua e da cultura latinas, facendo fincapé ao mesmo tempo no papel que estas desempeñan en tanto que orixe e fundamento das linguas romances e da cultura occidental, o que coñecemos como herdanza clásica.

Esta mesma perspectiva está tamén presente no currículo básico para bacharelato, malia perseguirse nesta etapa un estudo máis en profundidade da lingua, xa que, ben pola súa estrutura interna de funcionamento, ben polo seu caudal léxico, está moi presente nas linguas utilizadas e estudadas polos alumnos e as alumnas.

O estudo do latín como lingua flexiva proporciona mediante a comparación unha sólida base científica para o estudo e o perfeccionamento progresivo no manexo doutras linguas.

O idioma latino, logo de adquiridos uns mínimos coñecementos sobre os seus mecanismos morfosintácticos e o seu léxico, permite entender as linguas romances como resultado dunha evolución e atopar paralelismos entre elas que axuden no seu estudo.

O estudo da orixe e a evolución do latín ás linguas romances proporciónalle ao alumnado os instrumentos necesarios para comprender e analizar os procesos de cambios fonéticos, morfosintácticos e semánticos que deron lugar aos procedementos que rexen hoxe as súas linguas, e axuda a incrementar de xeito notable o seu léxico. A reflexión sobre o léxico coñecido, a adquisición de novas palabras e a comprensión das estruturas da lingua latina interveñen de xeito notable no uso máis eficaz da lingua propia como instrumento de aprendizaxe, comunicación e interpretación da realidade.

É recomendable comezar o estudo do latín de cuarto de ESO cun método natural, no que as regras morfosintácticas se deduzan da práctica da lectura e da tradución, deixando para os cursos de primeiro e segundo de bacharelato un estudo máis pormenorizado.

O estudo da herdanza clásica, obxecto desta materia, non só está presente na lingua latina, pois abordará tamén os diferentes aspectos que se inclúen no que coñecemos como civilización latina, berce da Europa actual. Ademais da descrición do seu marco xeográfico e do estudo dos principais fitos históricos, haberá lugar tamén para unha análise das súas estruturas sociopolíticas, da súa vida cotiá, e manifestacións culturais como os espectáculos públicos ou as súas creacións literarias e artísticas, a enxeñaría e o urbanismo, a mitoloxía e a relixión.

Partindo desta perspectiva, o estudo da materia organízase en bloques que, con lixeiros matices, se repiten en todos os cursos.

Os devanditos bloques refírense tanto a cuestións lingüísticas como a temas culturais, tendo en conta que ambos os dous aspectos constitúen dúas facetas inseparables e complementarias para o estudo da civilización romana, sen as que non é posible apreciar a importancia do legado latino na súa verdadeira dimensión.

O primeiro destes bloques estuda o latín como orixe das linguas romances e ten un trato lixeiramente diferente para os cursos de cuarto de ESO e primeiro de bacharelato, e o curso de segundo de bacharelato. Os contidos dos dous primeiros cursos comezan coa análise das linguas do mundo, para seguir co estudo do indoeuropeo e as súas familias lingüísticas, a orixe, a evolución e as etapas do latín e as linguas romances. A continuación, e xa para os tres cursos, preténdese analizar o papel que desempeñou a lingua latina na formación do galego, do castelán e das demais linguas romances que se falan na actualidade en Europa e noutros países do mundo, mediante o estudo do mantemento de elementos lingüísticos latinos nesas linguas e a análise dos procesos de evolución fonética, morfosintáctica e semántica.

O seguinte bloque, deseñado só para latín de cuarto de ESO e primeiro de bacharelato, aborda os elementos básicos da lingua latina, comezando por percorrer os sistemas de escritura coñecidos, para analizar despois a orixe e a evolución do abecedario latino e a súa pronuncia.

Os dous bloques seguintes, comúns aos tres cursos, tratan aspectos netamente lingüísticos, centrándose desta vez na morfoloxía e na sintaxe, os outros dous niveis de descrición e explicación do sistema, ademais da fonética e a semántica, dúas realidades inseparables que conforman e integran o aspecto gramatical. Preténdese iniciar o alumnado no concepto de flexión, estudando a estrutura interna das palabras e os elementos formais destas que serven para definir a relación que manteñen con outras dentro da oración. A sintaxe tamén se ocupa de estudar as estruturas oracionais latinas e os elementos que definen as súas construcións máis características, introducindo progresivamente niveis de maior complexidade, co propósito fundamental da comprensión e a interpretación dos textos.

Nos cursos de cuarto de ESO e primeiro de bacharelato dedicouse un bloque ao estudo da civilización latina, co fin de identificar non só os feitos máis importantes da súa historia, senón tamén os aspectos propios da súa organización política, social e militar, e da súa identidade cultural, sen esquecer o estudo da vida cotiá, a relixión e a mitoloxía, cuxa influencia resulta decisiva para a configuración do imaxinario occidental. Preténdese tamén iniciar o alumnado no coñecemento dalgunhas das manifestacións artísticas máis significativas da antigüidade romana, entre as que destacan por unha banda as relativas ás artes plásticas e, máis concretamente, a escultura e a arquitectura, e pola outra, as literarias.

O estudo máis en profundidade destas últimas resérvase para o curso de segundo de bacharelato, que conta cun bloque específico para a literatura latina, no que un mellor coñecemento da lingua lle permitirá ao alumnado entrar en contacto directo con algúns fragmentos das obras orixinais, afondando deste xeito na comprensión dos textos literarios clásicos latinos para comprender as claves da sociedade en que viron a luz e valorar a influencia que os autores latinos tiveron ao longo dos séculos.

Se, como dixemos, a lingua e a cultura constitúen dúas realidades inseparables e complementarias para afondar no coñecemento da civilización latina, non existe mellor instrumento para o estudo de ambas que os propios textos, aos que está dedicado outro dos bloques de contidos previstos en todos os cursos. Preténdese deste xeito facer fincapé na necesidade de estudar desde o primeiro momento a lingua no seu contexto real, como mecanismo de expresión intelectual e estética no que se exemplifican os contidos lingüísticos estudados. Para lograr este obxectivo, ademais do labor de tradución, deberase tratar o latín como unha lingua viva coa que traballar tamén a comunicación oral e escrita.

Por último, nos tres cursos dedícase un bloque ao estudo do léxico, entendendo que este resulta imprescindible para avanzar no coñecemento de calquera lingua. Dentro deste ámbito préstase especial atención á etimoloxía, non só porque esta serve para pór de manifesto o mantemento das raíces latinas nas linguas modernas, senón ademais porque axuda o alumnado a adquirir unha mellor comprensión da súa propia lingua, axudándolle a precisar o significado de termos coñecidos ou a descubrir o de outros que non utilizara anteriormente, e incorporándoos ao seu vocabulario habitual. Así, dedícase un especial interese á composición e á derivación culta, onde se analizan prefixos, lexemas e sufixos de orixe grega e latina.

Abondando nesta última idea, abórdase o estudo das locucións e as expresións latinas de uso actual, non só para coñecer o seu significado, senón tamén para saber empregalas nun contexto adecuado.

Contextualización.

O IES Punta Candieira de Cedeira sitúase nunha zona fortemente influenciada pola cultura clásica. Isto pode apreciarse incluso nos propios topónimos da comarca e nos restos arqueolóxicos próximos como o castro de Cedeira aínda sen escavar, as mámoas de San Andrés de Teixido ou os restos romanos de Espasante nos que traballou o arqueólogo Emilio Ramil. Preto están tamén a Torre de Hércules, o castro de Elviña e o Museo Arqueolóxico do Castelo de San Antón onde se poden ver pezas tamén de esta zona. Por outro lado non hai que esquecer que estamos en Galicia onde a romanización foi tardía pero profunda. O galego, lingua cooficial da nosa Comunidades, é a que mais se parece de todas as linguas romances á súa nai, o latín, polo que os galegos temos o privilexio de ter mais doado o acercamento, sobre todo no léxico, a esta lingua. Así mesmo, como confirman os estudos antropolóxicos comparados, moitas tradicións, crenzas e costumes considerados propios de Galicia son en realidade restos de outros traídos polos romanos e que tamén aquí se conservan mellor que en ningún lugar do mundo.

CONTRIBUCIÓN DO LATÍN DE 2º AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

A **comunicación lingüística** é a competencia clave que máis presenza terá na materia de Latín, xa que o estudo da lingua latina, da súa orixe e evolución, do seu funcionamento interno, do seu léxico e dos seus textos redundará sen dúbida nun maior coñecemento e dominio das linguas propias. Non obstante, deberase ter en conta tamén o tratamento das outras competencias.

O labor de tradución non só constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que ao mesmo tempo estimula a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando o razoamento e impulsando a competencia clave de **aprender a aprender**.

A **competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** poden ser traballadas nos temas de cultura e civilización latinas, nomeadamente na educación en Roma, no urbanismo e na enxeñaría romana, e as vías de comunicación, en tanto que manifestacións da actividade humana.

A **competencia dixital** deberá estar presente en todo momento. A procura de información na rede, a súa selección crítica e a súa utilización, entendidas como un proceso guiado polo/pola profesor/a, deberá servirnos para programar traballos colaborativos e producir novos materiais para pór á disposición da comunidade educativa.

As **competencias sociais e cívicas** poden ser traballadas particularmente nos bloques referidos á civilización. A vida no mundo romano, na súa dimensión político-social ou relixiosa préstase sempre á valoración e á comparación co mundo actual, salientando semellanzas e diferenzas, e fomentando un xuízo crítico da realidade. Deste xeito, cobran nova forza conceptos como democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e diversidade.

A **competencia en conciencia e expresión cultural** está moi presente, ademais de no estudo da literatura latina, nos contidos referidos ás artes plásticas en Roma, o urbanismo e a romanización de Hispania e da Gallaecia. Coñecer e valorar todas estas manifestacións culturais artísticas, diferenciando xéneros e estilos, recoñecendo canons estéticos ou tópicos literarios, lévanos a consideralas como parte do patrimonio dos pobos e a apreciar dun xeito especial aquelas que están dentro do noso contexto, ben sexa nas páxinas dun libro, ben nun museo ou nun depósito arqueolóxico.

A competencia que traballa **o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor** estará presente sobre todo nos bloques de contidos non lingüísticos, para aproveitar a metodoloxía do traballo en grupo de xeito responsable e proactivo.

OBXECTIVOS

Obxectivos xerais do bacharelato.

No marco da LOMCE, o Bachillerato ten como finalidade proporcionar ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lles permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará ao alumnado para acceder á educación superior. O Bachillerato contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución Española así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e, no seu caso, a lingua cooficial da súa comunidade autónoma.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.

- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellóraa da súa contorna social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- j) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente.
- k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade vial.

Obxectivos de Latín II

1. Identificar as principais realizacións e fitos históricos do pobo romano e comprobar as distintas formas en que o legado romano evidencia a súa presenza no mundo de hoxe.
2. Recoñecer os elementos da herdanza latina que permanecen no mundo actual e consideralos como unha das claves para a interpretación de leste.
3. Valorar as achegas do espírito clásico como elemento integrador de diferentes correntes de pensamento e actitudes (éticas, estéticas) que conforman o ámbito cultural europeo ao que o alumno pertence.
4. Recoñecer a influencia da historia e o legado de Roma na conformación política, social e cultural dos pobos e nacións de Europa, fomentando con iso actitudes de tolerancia e respecto cara a outros pobos.
5. Desenvolver o sentimento de pertencencia á unidade política, social e cultural que é Europa, en cuxa base está o mundo latino, con actitudes de tolerancia e respecto cara aos seus distintos pobos e as doutras zonas do mundo.
6. Identificar os elementos léxicos e principais procedementos de composición e derivación do latín.
7. Recoñecer os elementos léxicos da herdanza latina que permanecen nas linguas romances faladas polo alumnado.
8. Reflexionar sobre os elementos fundamentais que constitúen as linguas e as súas influencias mutuas no espazo e no tempo, recoñecendo as relacións existentes entre as estruturas da lingua latina e as doutras linguas que se derivan ou foron profundamente influídas por ela, e recoñecendo compoñentes significativos desta herdanza (flexión nominal, pronominal e verbal).
9. Coñecer e utilizar os aspectos fonéticos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua latina, iniciándose na interpretación e tradución de textos sinxelos.
10. Identificar e valorar as principais achegas da lingua latina como instrumento transmisor da cultura.
11. Recoñecer o papel integrador do latín en distintas áreas da ciencia, filosofía, historia, literatura, arte, arquitectura e en xeral na cultura e historia de Occidente.
12. Ordenar os conceptos lingüísticos propios do alumnado, establecendo categorías, xerarquías, oposicións e relacións entre ámbitos lingüísticos diversos.

CONTIDOS

		Latín II. 2º de bacharelato		
Obxectivos	Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Mantemento de elementos lingüísticos latinos nas linguas modernas: palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B1.1.1. Recoñece e distingue a partir do étimo latino termos patrimoniais, semicultismos e cultismos, e explica as evolucións que se producen nun e noutro caso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ g ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Coñecer e aplicar as regras da evolución fonética e recoñecer os procesos de evolución semántica do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B1.2.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica, valorando a relación co significado orixinal do étimo latino. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B1.2.2. Explica o proceso de evolución de termos latinos ás linguas romances, sinalando cambios fonéticos comúns a distintas linguas dunha mesma familia, e ilustralo con exemplos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA
Bloque 2. Morfoloxía				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Coñecer as categorías gramaticais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B2.1.1. Nomea e describe as categorías, e sinala os trazos que as distinguen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B2.2.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, diferenciando lexemas e morfemas, e procurando exemplos noutros termos nos que estean presentes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto latino e enuncialas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B2.3.1. Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto latino, identifica correctamente os seus formantes e sinala o seu enunciado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ l ▪ d 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Identificar, declinar e traducir todas as formas nominais e pronominais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B2.4.1. Identifica con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA

Latín II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> LA2B2.4.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía nominal e pronominal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA
<ul style="list-style-type: none"> l d 	<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Morfoloxía verbal: verbos irregulares e defectivos. Formas nominais do verbo: xerundio, xerundivo e supino. Conxugación perifrástica. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.5. Identificar, conxugar, traducir e efectuar a retroversión de todas as formas verbais. 	<ul style="list-style-type: none"> LA2B2.5.1. Identifica con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán LA2B2.5.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía verbal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CAA CCL CCL CAA CD
Bloque 3. Sintaxe				
<ul style="list-style-type: none"> e 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Estudo pomenorizado da sintaxe nominal e pronominal. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Coñecer e aplicar os coñecementos da sintaxe nominal e pronominal para a tradución de textos latinos. 	<ul style="list-style-type: none"> LA2B3.1.1. Utiliza axeitadamente a análise da sintaxe nominal e pronominal dun texto para efectuar correctamente a súa tradución. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA
<ul style="list-style-type: none"> e 	<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Tipos de oracións e construcións sintácticas. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas latinas. 	<ul style="list-style-type: none"> LA2B3.2.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas, e relaciónaas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñeza. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA
<ul style="list-style-type: none"> e p 	<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Tipos de oracións e construcións sintácticas. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.3. Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas en interpretación e tradución de textos latinos. 	<ul style="list-style-type: none"> LA2B3.3.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina, e relaciónaas para traducilos cos seus equivalentes en galego e en castelán. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA
<ul style="list-style-type: none"> d 	<ul style="list-style-type: none"> B3.3. Oración composta: coordinación e subordinación. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.4. Definir, comprender e recoñecer os diferentes tipos de oracións compostas coordinadas e subordinadas. 	<ul style="list-style-type: none"> LA2B3.4.1. Define e comprende os conceptos de oración composta, coordinación e subordinación, sinala exemplos nos textos e recoñece os tipos de oracións compostas, tanto coordinadas como subordinadas, así como os nexos que as caracterizan. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CCL
<ul style="list-style-type: none"> e 	<ul style="list-style-type: none"> B3.4. Construcións de infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.5. Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo: infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino. 	<ul style="list-style-type: none"> LA2B3.5.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA
Bloque 4. Literatura latina				
<ul style="list-style-type: none"> h 	<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, 	<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Enumerar os principais factores da transmisión da 	<ul style="list-style-type: none"> LA2B4.1.1. Nomea os aspectos máis salientables referentes á 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC

Latín II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	lirica, oratoria, comedia e fábula.	literatura latina ao longo dos períodos históricos, e describir os soportes da escritura na Antigüidade e a súa evolución.	transmisión dos textos clásicos ao longo do tempo.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lirica, oratoria, comedia e fábula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Coñecer as características dos xéneros literarios latinos, os seus autores, as obras máis representativas e as súas influencias na literatura posterior. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B4.2.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos, e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lirica, oratoria, comedia e fábula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Coñecer os fitos esenciais da literatura latina como base literaria da literatura e da cultura europea e occidental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B4.3.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura latina. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B4.3.2. Nomea autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lirica, oratoria, comedia e fábula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Analizar, interpretar e situar no tempo textos mediante lectura comprensiva, distinguindo xénero, época, características e estrutura, se a extensión da pasaxe o permite. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B4.4.1. Realiza comentarios de textos latinos e sitúalos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ao que pertencen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ n ▪ h ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lirica, oratoria, comedia e fábula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Establecer relacións e paralelismos entre a literatura clásica e a posterior. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B4.5.1. Analiza o diferente uso que se fixo dos textos latinos, explorando o mantemento dos xéneros e os temas da literatura latina mediante exemplos da literatura contemporánea. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CD ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B4.5.2. Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos de autores/as contemporáneos/as, e sèrvese deles para comprender e explicar o mantemento dos xéneros e dos temas procedentes da cultura grecolatina, describindo os seus aspectos esenciais e os tratamentos que reciben. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CD ▪ CCL
Bloque 5. Textos				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Tradución e interpretación de textos latinos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Realizar a tradución e interpretación de textos latinos orixinais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Tradución e interpretación de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Utilizar o dicionario, analizar 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B5.2.1. Utiliza con 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD

Latín II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	textos latinos.	e valorar correctamente a información gramatical que proporciona e procurar o termo máis acaído na lingua propia para a tradución do texto.	seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical que proporciona, e identifica en cada caso o termo máis acaído na lingua propia, en función do contexto e do estilo empregado polo autor, para unha correcta tradución do texto.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL
▪ b	▪ B5.2. Comentario e análise histórica, lingüística e literaria de textos latinos orixinais.	▪ B5.3. Realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos de autores latinos.	▪ LA2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL
▪ a	▪ B5.3. Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.	▪ B5.4. Coñecer o contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.	▪ LA2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL
▪ h	▪ B5.4. Identificación das características formais dos textos.	▪ B5.5. Identificar as características formais dos textos.	▪ LA2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC
Bloque 6. Léxico				
▪ e ▪ p	▪ B6.1. Ampliación de vocabulario básico latino: léxico literario, científico e filosófico.	▪ B6.1. Coñecer, identificar e traducir termos latinos pertencentes ao vocabulario especializado: léxico literario, científico e filosófico.	▪ LA2B6.1.1. Identifica e explica termos do léxico literario, científico e filosófico, e tradúceos correctamente ao galego e ao castelán.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CD
▪ d ▪ g ▪ p	▪ B6.2. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua.	▪ B6.2. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos/das estudantes.	▪ LA2B6.2.1. Deducir o significado de palabras e expresións latinas non estudadas a partir do contexto, ou de palabras ou expresións da súa lingua ou doutras linguas que coñeza. ▪ LA2B6.2.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras de léxico común e especializado do galego e do castelán.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD ▪ CD ▪ CCL
▪ h	▪ B6.3. Locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e á literaria.	▪ B6.3. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.	▪ LA2B6.3.1. Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CD ▪ CCEC ▪ CCL
▪ d ▪ p	▪ B6.4. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina e grega.	▪ B6.4. Recoñecer a presenza de latinismos e helenismos na linguaxe científica e na fala culta, e deducir o seu significado a partir dos correspondentes termos	▪ LA2B6.4.1. Recoñece e explica o significado dos helenismos e dos latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, e explica o	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC

Latín II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		latinos e gregos.	seu significado a partir do termo de orixe.	

SECUENCIACIÓN

1ª AVALIACIÓN

Traducción de textos de Fedro e Eutropio
 Repaso da gramática do curso anterior
 Subxuntivo
 Valores de ut, cum e quod
 Xerundio e xerundivo.
 Construcións perifrásticas.
 50 topónimos
 75 locucións latinas
 9 fábulas de Fedro
 Virxilio: a Eneida
 Cicerón orador e Cicerón retórico.

2ª AVALIACIÓN

Repaso da gramática
 Traducción de textos de Fedro e Eutropio
 50 topónimos
 75 locucións latinas
 9 fábulas de Fedro
 A lírica: Horacio
 A historiografía : Tito Livio
 O teatro : Plauto

3ª AVALIACIÓN

Repaso de gramática , topónimos, locucións e literatura.
 Traducción de textos de Fedro e Eutropio

CRITERIOS DE AVALIACIÓN EN LATÍN II.

Criterios de avaliación
Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. ▪ B1.2. Coñecer e aplicar as regras da evolución fonética e recoñecer os procesos de evolución semántica do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos.

Criterios de avaliación
Bloque 2. Morfoloxía
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Coñecer as categorías gramaticais. ▪ B2.2. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras. ▪ B2.3. Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto latino e enuncialas. ▪ B2.4. Identificar, declinar e traducir todas as formas nominais e pronominais. ▪ B2.5. Identificar, conxugar, traducir e efectuar a retroversión de todas as formas verbais.
Bloque 3. Sintaxe
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Coñecer e aplicar os coñecementos da sintaxe nominal e pronominal para a tradución de textos latinos. ▪ B3.2. Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas latinas. ▪ B3.3. Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas en interpretación e tradución de textos latinos. ▪ B3.4. Definir, comprender e recoñecer os diferentes tipos de oracións compostas coordinadas e subordinadas. ▪ B3.5. Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo: infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Enumerar os principais factores da transmisión da literatura latina ao longo dos períodos históricos, e describir os soportes da escritura na Antigüidade e a súa evolución. ▪ B4.2. Coñecer as características dos xéneros literarios latinos, os seus autores, as obras máis representativas e as súas influencias na literatura posterior. ▪ B4.3. Coñecer os fitos esenciais da literatura latina como base literaria da literatura e da cultura europea e occidental. ▪ B4.4. Analizar, interpretar e situar no tempo textos mediante lectura comprensiva, distinguindo xénero, época, características e estrutura, se a extensión da pasaxe o permite. ▪ B4.5. Establecer relacións e paralelismos entre a literatura clásica e a posterior.
Bloque 5. Textos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Realizar a tradución e interpretación de textos latinos orixinais. ▪ B5.2. Utilizar o dicionario, analizar e valorar correctamente a información gramatical que proporciona e procurar o termo máis acaído na lingua propia para a tradución do texto. ▪ B5.3. Realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos de autores latinos. ▪ B5.4. Coñecer o contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos. ▪ B5.5. Identificar as características formais dos textos.
Bloque 6. Léxico
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Coñecer, identificar e traducir termos latinos pertencentes ao vocabulario especializado: léxico literario, científico e filosófico. ▪ B6.2. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos/das estudantes.

Criterios de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> B6.3. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.
<ul style="list-style-type: none"> B6.4. Recoñecer a presenza de latinismos e helenismos na linguaxe científica e na fala culta, e deducir o seu significado a partir dos correspondentes termos latinos e gregos.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Observación directa de participación en clase.

Realización dun traballo individual ou colectivo acerca dun tema proposto polo profesor.

Lectura dun libro na aula e traballo sobre él que se avaliará ca mesma escala de observación que a participación en clase

Proba escrita obxetiva. Exame ou cuestionario para avaliar se se conseguiron os estándares de aprendizaxe previstos.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

. ESCALA DE OBSERVACIÓN: PARTICIPACIÓN EN CLASE

Alumnos/as	Contribúe voluntariamente nas actividades de clase			Realiza preguntas pertinentes sobre os temas tratados			Argumenta as súas exposicións tanto ao profesor coma aos seus			Demuestra atención aos argumentos dos seus compañeiros/as e está aberto/a a eles			Vén preparado/a a clase e aporta traer material			Ten iniciativa e creatividade nas actividades propostas		
	S	AV	N	S	AV	N	S	AV	N	S	AV	N	S	AV	N	S	AV	N

. ESCALA DE REALIZACIÓN DUN TRABALLO SOBRE UN TEMA PROPOSTO POLO PROFESOR.

OBJECTIVO	PUNTOS	EXCELENTE; 4	ALTO; 3	BAIXO; 2	ESCASO; 1
CONTIDO	1	O tema obxecto do traballo trátase de forma creativa, sorprendente, amena, única.	O tema trátase con certa orixinalidade e de forma amena.	O tema desenvolveuse (ou parece) a partir dun traballo xa existente.	O traballo non é/parece orixinal nin de autoría propia.
	2	Cobre o tema obxecto do traballo con profundidade.	Cobre o tema obxecto do traballo de forma adecuada.	Apenas inclúe a información esencial do tema.	A información sobre o tema é escasa.
	3	O texto mostra que o coñecemento do tema é excelente.	O texto mostra que o coñecemento do tema parece ser bo.	O texto mostra certos erros na asimilación do contido.	O texto mostra erros ou carencias na asimilación do contido.
	4	Empréganse de forma profusa imaxes e/ou infografías que complementan e axudan á comprensión do tema.	Empréganse varias imaxes e/ou infografías que complementan e axudan á comprensión do tema.	Apenas se empregan imaxes e/ou infografías, ou non achegan nin axudan á comprensión do tema obxecto do traballo.	Non se empregan imaxes nin infografías no traballo.
	5	O texto garda unidade temática e coidouse a súa claridade, respectando a estrutura gramatical.	O texto garda unidade temática e coidouse a súa claridade, pero non se respectou a estrutura gramatical.	O texto garda unidade temática, pero non se coidou a súa claridade nin se respectou a estrutura gramatical.	O texto non garda unidade temática e non se coidou a súa claridade; é unha unión de distintos textos.
	6	Non hai erros ortográficos nin gramaticais en todo o traballo.	O traballo ten entre 1 e 5 erros ortográficos ou gramaticais.	O traballo ten entre 6 e 10 erros ortográficos ou gramaticais.	O traballo ten 6 ou máis erros ortográficos ou gramaticais.
ORGANIZACIÓN	7	A portada enganxa e introduce o tema obxecto do traballo e aos autores, e é seguida por un índice.	A portada é seguida por un índice do traballo.	A portada é orixinal e introduce o tema obxecto do traballo e aos autores, pero carece de índice.	A portada non é orixinal ou non introduce o tema obxecto do traballo ou aos autores, e carece de índice.
	8	O contido do traballo está ben estruturado: unha idea segue a outra nunha secuencia lóxica, con transicións e uso de títulos claros, mantendo o formato. É doado de ler.	O traballo está bastante organizado; aínda que algunha idea parece fóra de lugar, as transicións entre o resto son lóxicas e a orde empregada é clara. Ademais, mantense o formato, facilitando a súa lectura.	O traballo é un pouco difícil de seguir: algunhas ideas parecen fóra de lugar, ou empregáronse mal as transicións entre elas, a orde e/ou o formato.	As ideas dentro do traballo parecen estar ordenadas ao azar, con algunhas totalmente fóra de lugar. Ademais, non se mantén o formato, custa lelo.
	9	O final do traballo é orixinal, e inclúe unha reflexión profunda e conclusións.	O final do traballo inclúe unha reflexión e conclusións.	O final do traballo inclúe conclusións, pero sen apenas reflexión, e/ou parecen copiadas.	O final do traballo non inclúe reflexión nin conclusións, ou aparecen pero están copiadas doutra fonte.

	10	A extensión do traballo cínquese ao solicitado polo profesor ou a profesora, sen que sobre nin falte nada.	A extensión é lixeiramente superior ou inferior á solicitada, sendo todo relevante.	A extensión cínquese ac solicitado, pero a custa de eliminar partes importantes ou engadir contido sen lóxica.	A extensión é notablemente superior ou inferior á solicitada.
--	----	--	---	--	---

PROBA ESCRITA. EXAME OU CUESTIONARIO.

Ao longo da avaliación haberá varios exames parciais.

Ao final de cada avaliación o profesor fará unha proba escrita na que se reflectan os contidos, criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe que aparecen nesta programación.

No propio exame aparecerán os puntos atribuídos a cada resposta correcta.

Terase en conta sobre todo o nivel de coñecemento de cada tema pero tamén a claridade expositiva e a falta de erros gramaticais e ortográficos

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN EN LATÍN II.

En Latín II avaliarase a través do traballo diario, das avaliacións das unidades e, sobre todo, a través dos exames que se realizarán como mínimo unha vez por avaliación.

O alumno debe ser capaz de analizar e traducir textos latinos de dificultade crecente.

Tamén recoñecerá no léxico das linguas romances a orixe latina e a súa evolución fonética, morfolóxica e semántica e deducirá regras básicas de derivación e composición.

Debe tamén ser capaz de respostar cuestións sobre cultura clásica dos temas vistos neste curso pero tamén dos temas do curso anterior.

A avaliación será continua polo que se valorarán os coñecementos finais. Non se fará media das notas das avaliacións aínda que se terán en conta pero será conditio sine qua non aprobar a última avaliación e demostrar que se está en condicións de aprobar un exame do estilo dos das ABAU tanto en dificultade como en tempo.

En cada avaliación puntuarase de este xeito:

O 40 % corresponde a exames parciais, incluído un exame final de gramática. Estes exames terán unha cantidade de contidos e dificultade cada vez maior, polo que o seu valor será proporcionalmente mais alto.

Outro 50% corresponderá a un exame de avaliación.

Outro 10% corresponde a un examen sen diccionario dun texto dos vistos previamente na aula.

DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS A ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS.

Esta materia é continuación de Latín I. A principio de curso farase un breve repaso dos contidos mínimos do ano anterior, sobre todo no relativo ao bloque gramatical. Eso servirá ao alumno para refrescar na súa memoria o aprendido e ao profesor para reforzar aquilo que considere que sexa necesario para comezar o curso sen problemas. Non se prevé ningunha proba escrita senon que, dado o baixo número de alumnos que collen esta materia, a observación e o diálogo na propia aula parece suficiente.

PROCEDEMENTO PARA A CUALIFICACIÓN DA MATERIA PENDENTE.

Non é habitual que esta asignatura quede pendente para o ano seguinte pero no caso de que iso ocorrira o xefe de departamento poríase en contacto a principios de curso cos alumnos e lles daría as instrucións necesarias para superar a materia. A cualificación viría dada nun 30% por un caderno de exercicios que os alumnos irían

facendo ao longo do curso en un 70% por un exame final que se facería en maio e no que entrarían os mínimos esixibles do currículo

PROCEDIMENTO A APLICAR CO ALUMNADO QUE CAMBIE DE MODALIDADE.

No caso de que se incorpore a Latín II un alumno que non cursara Latín I será tratado como un alumno pendente. A cualificación viría dada nun 30% por un caderno de exercicios que os alumnos irían facendo ao longo do curso en un 70% por un exame final que se facería en maio e no que entrarían os mínimos esixibles do currículo.

MÍNIMOS ESIXIBLES EN LATÍN II.

Os contidos mínimos en Latín II son os contidos no currículo.

Os alumnos deben poder traducir textos latinos de autores clásicos como César, Cicerón, Ovidio ou Virgilio, especialmente de Eutropio e Fedro, analizándoos sintáctica e morfológicamente. Deben demostrar o seu coñecemento das principais estruturas morfo- sintácticas latinas a través da análise e a tradución das oracións que aparecen.

A evolución fonética, a composición e derivación, os aforismos, e en xeral a etimoloxía latina e grega de palabras casteláns e galegas considéranse tamén coñecementos indispensables para aprobar a asignatura.

Igualmente deben ter coñecementos suficientes de literatura latina dos xéneros estudados no curso e ter lidas as lecturas obrigatorias de cada un destes xéneros.

En concreto os mínimos esixibles serán:

Recoñece e distingue a partir do étimo latino termos patrimoniais, semicultismos e cultismos, e explica as evolucións que se producen nun e noutro caso.

Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica, valorando a relación co significado orixinal do étimo latino

Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto latino, identifica correctamente os seus formantes e sinala o seu enunciado.

Identifica con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán.

Aplica os seus coñecementos da morfoloxía nominal e pronominal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario

Identifica con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán

Aplica os seus coñecementos da morfoloxía verbal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario.

Utiliza axeitadamente a análise da sintaxe nominal e pronominal dun texto para efectuar correctamente a súa tradución.

Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina, e relaciónaos para traducilos cos seus equivalentes en galego e en castelán.

Define e comprende os conceptos de oración composta, coordinación e subordinación, sinala exemplos nos textos e recoñece os tipos de oracións compostas, tanto coordinadas como subordinadas, así como os nexos que as caracterizan.

Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións

Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos, e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos.

Nomea autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas.

Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución

Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario

Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.

Identifica e explica termos do léxico literario, científico e filosófico, e tradúceos correctamente ao galego e ao castelán.

Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras de léxico común e especializado do galego e do castelán

Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica

Recoñece e explica o significado dos helenismos e dos latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, e explica o seu significado a partir do termo de orixe

METODOLOXÍA DIDÁCTICA.

Impulsarase a autonomía persoal do alumno no proceso de ensino-aprendizaxe. O alumno debe ser copartícipe dende o primeiro momento do seu proceso de aprendizaxe e apreciar a coherencia e a integración dos distintos contidos e a súa utilidade inmediata e futura na súa vida cotiá, académica e profesional. Non debe ser o profesor o que atiborre de datos ó alumno para a súa memorización senón que polo contrario debe ser o rapaz o que partindo dun fenómeno actual chegue mediante a súa investigación ó seu antecedente histórico e á súa explicación. Con este método deductivo o alumno estará máis motivado, o interese será maior e a aplicación práctica tamén.

Non se pode separar o aspecto lingüístico do cultural nesta materia senón que deben abordarse paralelamente.

A partir do coñecemento do mundo antigo nos seus aspectos históricos, políticos, sociais, relixiosos, culturais e artísticos e da súa comparación en paralelo coa vida actual chégase á comprensión da súa evolución e transformación nas formas actuais de organización sociocultural facendo fincapé nos aspectos comúns e na pervivencia do pasado. É moi importante esta posta en paralelo e este achegamento á vida cotiá do alumno para favorecer a súa motivación e o seu compromiso no aprendizaxe.

Por outra banda a mellora da comprensión e expresión do alumnado farase mediante a realización de exercicios variados de léxico, e de morfosintaxe que o leven ó uso correcto da súa lingua e tamén á utilización da etimoloxía

e dos cambios fonéticos para recoñecer a orixe dos termos que utiliza e para usalos con propiedade, mellorando a súa comunicación.

A lectura é fundamental nesta asignatura. Hai que poñer a disposición dos alumnos tanto textos clásicos como textos das culturas posteriores e contemporáneas cotexándoos para observar a pervivencia e a evolución dos distintos aspectos estudados. Hai que coidar que o nivel dos libros de consulta sexa asequible ós alumnos pese a que pode haber unha grande diversidade entre eles. Algúns necesitarán libros case infantís mentras que outros preferirán lecturas máis profundas. Ademais dos libros de investigación para facer os traballos de clase debe haber tamén novelas e relatos históricos tan de moda en tódalas épocas. Como sempre, hai que atender ás diferencias individuais dos nosos alumnos e darlles a resposta que precisan para a súa evolución integral.

Os mapas para a localización espacial, as diapositivas para a arte e o urbanismo e os fragmentos de películas de video, tanto documentais como de ficción, (dentro da legalidade vixente), farán que, en algún caso, unha imaxe valga máis que mil palabras. En Latín existen actualmente varias películas que se adecúan bastantes aos contidos da asignatura e que a fan mais atractiva para os alumnos. Non é o mesmo oír as explicacións do profesor ou estudialas no libro que velas e sentilas nunha película. Por eso nesta asignatura utilizamos moito este medio audiovisual como método de enganche a un determinado tema, para logo matizalo e correxilo na aula ou por medio de algún traballo cotexando o visto na película cas fontes clásicas ou as modernas investigacións sobre cada tema.

A utilización das novas tecnoloxías como é o ordenador e internet son tamén moi interesantes e o seu uso como material didáctico de primeiro orde non pode ser esquecido. Por iso esta asignatura fai a súa contribución ao plan TIC como mais abaixo se especifica detalladamente.

Intentarase tamén as visitas a restos arqueolóxicos de interese ou a posibles representacións teatrais sempre dentro das posibilidades do Centro.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O profesor pode darlles apuntes fotocopiados feitos por él que resuman ou amplíen os contidos

Tamén lles poderá dar en fotocopia tarefas e exercicios.

Na aula-departamento hai multitude de libros axeitados a todos os niveis (desde libros e contos infantís ata ensaios para especialistas) e a todos os temas tratados no curso (mitoloxía, arte, sociedade, historia...) Todos estes libros están a disposición do alumnado ben para os traballos do curso ben para o seu disfrute na casa se teñen curiosidade por algún aspecto do temario.

Temos tamén abundantes recursos audiovisuais como películas e documentais que están tamén a disposición do alumnado previo permiso do profesor e/o dos pais no caso de que conteñan esceas ou contido que poida ser considerado non apropiado para a súa idade.

En Internet hai páxinas web de cultura clásica de elevada calidade que poden ser empregadas tamén como recurso didáctico.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. Ao comezo de curso o profesor, en caso de terse detectado algún alumno con necesidades especiais, debe:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos no grupo para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

Esta táboa pode servir de axuda sobre cómo actuar no caso de ter algún alumno que poida necesitar medidas de atención á diversidade.

TRATAMENTO DA DIVERSIDADE INDIVIDUAL		MEDIDAS PARA A DIVERSIDADE
DIVERSIDADE NA COMPRENSIÓN	Non ten ningunha dificultade para entender os contidos.	Seleccionar contidos cun grao maior de dificultade.
	Entende os contidos, pero, en ocasións, resúltanlle difíciles.	Seleccionar os contidos significativos de acordo á súa realidade.
	Ten dificultades para entender os contidos que consideran.	Seleccionar os contidos mínimos e expoñelos simplificando a linguaxe e a información gráfica.
DIVERSIDADE DE CAPACITACIÓN E DESENVOLVEMENTO	Non ten dificultades (alumnos e alumnas de altas capacidades).	Potenciar estas a través de actividades que lle permitan poñer en xogo as súas capacidades.
	Ten pequenas dificultades.	Propoñer tarefas nas que a dificultade sexa progresiva de acordo ás capacidades que se vaian adquirindo.
	Ten dificultades.	Seleccionar aquelas tarefas de acordo ás capacidades do alumnado, que permitan alcanzar os contidos mínimos esixidos.
DIVERSIDADE DE INTERESE E MOTIVACIÓN	Mostra un grande interese e motivación.	Seguir potenciando esta motivación e interese.
	O seu interese e motivación non destacan.	Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas variadas.
	Non ten interese nin motivación.	Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas máis procedementais e próximas á súa realidade.
FAVORABLE RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS	Encontra solucións aos problemas que consideran en todas as situacións.	Seguir fomentando esta capacidade.

	Encontra solucións aos problemas que consideran nalgunhas situacións.	Propoñer problemas cada vez con maior grao de dificultade.
	Ten dificultades para resolver problemas nas situacións que consideran.	Propoñer problemas de acordo ás súas capacidades para ir desenvolvéndoas.
DIVERSIDADE	Exprésase de forma oral e escrita con claridade e corrección.	Propoñer tarefas que sigan perfeccionado a expresión oral e a escrita.
	Ten algunha dificultade para expresarse de forma oral e escrita.	Propoñer algunhas tarefas e debates nos que o alumnado teña que utilizar expresión oral e escrita co fin de melloralas.
	Ten dificultades para expresarse de forma oral e escrita.	Propoñer actividades co nivel necesario para que o alumnado adquira as ferramentas necesarias que lle permitan mellorar.

PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

A LOMCE pretende atender ó desenrolo integral dos alumnos formándoos como persoas autónomas, reflexivas e críticas.

Os valores non teñen un contido específico senón que son un entramado de coñecementos e habilidades que se integran nas diversas áreas do currículo, poñendo o acento sobre problemas da nosa sociedade que implican un cambio de actitudes e unha toma de decisión para actuar nunha dirección determinada.

Na nosa asignatura estes temas están presentes de forma continua durante todo o proceso de ensino-aprendizaxe.

Educación para a igualdade entre sexos

A reflexión se centra no papel da muller na antigüidade e no que ten hoxe en día. Ailladas da vida política, sen entidade xurídica nen social, separadas dos homes incluso fisicamente, sen ter o mesmo dereito á educación, criadas para o matrimonio e a maternidade, mortas moitas delas ó dar a luz ou ó abortar, e incluso coa lacra do infanticidio masivo de nenas. Respetadas como matronas, adoradas como deusas ou rechazadas formaban a metade daquela cultura. Hoxe en día a situación cambiou sí pero non en tódolos ámbitos nin en tódolos pobos do mundo. A toma de conciencia é o paso indispensable para chegar á igualdade.

Neste senso tamén se pode falar da homosexualidade en Grecia para chegar á tolerancia na identidade sexual dos individuos.

Educación para a paz

Aquí trátase de recoñecer que tódolos homes e mulleres somos libres e iguais en dereitos sen distincións de raza, sexo, nacionalidade ou relixión. O alumno debe apreciar e valorar a diversidade lingüística e cultural de España e de Europa como mostra de diversidade e riqueza cultural.

Na nosa asignatura ó falar da expansión indoeuropea e da Romanización pódese abordar a problemática da guerra, o papel do exército, a conquista de terras e o asoballamento dos pobos conquistados, a falta de respecto pola diversidade lingüística e cultural que levou á morte das linguas vernáculos e a destrución de civilizacións como Cartago.

Pódese falar por outro lado da discriminación social ó falar das diversas clases sociais e as súas loitas cara á igualdade e sobre todo a lacra da escravitude que é a antítese do respecto á dignidade humana.

Por último pódese falar tamén dos problemas que conleva a emigración, tanto para os propios emigrantes como para o país receptor, ó tratar o tema das colonizacións na época antiga.

Educación para o lecer

Pódense comparar as actividades no tempo de lecer da antigüidade coas actuais para orientar ó alumno na satisfacción do seu tempo libre. Dende os xogos de nenos, os deportes (ver por exemplo os Xogos Olímpicos), as diversións dos adolescentes ata as festas tradicionais, o “*panem et circenses*”, os banquetes, os espectáculos no teatro, no circo e no anfiteatro, as lecturas públicas e privadas, o arte, o mecenazgo, as termas,...

Educación ambiental

Pódese sensibilizar ós alumnos para que se impliquen no mantemento e conservación das pegadas do mundo clásico no contorno natural reflexionando sobre os avances tecnolóxicos, sobre como os antigos aproveitaban os recursos naturais das zonas (por exemplo á hora de construír as súas vilas, as pontes, os acueductos, á hora de aproveitar as herbas medicinais, os tintes naturais para a roupa, a maquillaxe, etc.) e como explicaban os fenómenos naturais nos seus mitos e na súa filosofía.

Poden tamén aprender a valorar e conservar os restos arqueolóxicos do seu entorno, postos ás veces en perigo en aras do avance tecnolóxico.

Educación moral e cívica

O alumno debe aprender a usar o diálogo como a forma correcta de transmitir as súas ideas, pensamentos e opinións respectando as dos demais.

Vai tamén identificar os distintos sistemas políticos e valorar as institucións e as leis como garantes da súa liberdade.

E tamén importante que se senta comprometido na conservación do seu patrimonio artístico, lingüístico e cultural.

CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

En latín de 2º estamos lendo textos de autores clásicos diariamente e reflexionando sobre eles na aula. O proxecto lector por tanto está na base desta asignatura e se lle da un valor extraordinario..

CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.

Na metodoloxía usada no proceso de ensinanza-aprendizaxe desta materia xa aparece reflectida a nosa contribución ao plan TIC.

Por parte do profesor as “novas” tecnoloxías son utilizadas a cotío na aula. Cada vez que xurde unha dúbida para a que non ten resposta acude a Internet para intentar atopar a solución ou lles manda aos alumnos como tarefa que a busquen eles mesmos. Mui a miúdo se lles poñen aos alumnos na aula contidos de páxinas web que

exemplifican, profundizan ou resumen o dito polo profesor. Utilízanse fragmentos de documentales e películas, dentro da legalidade, para explicar visualmente certos contidos. Se lles recomendan páxinas web e incluso de Facebook ou Twitter de cultura clásica, latín e grego para que sacien a súa curiosidade por estes temas.

Por parte do alumnado as TIC úsanse para facer certos exercicios dixitais que veñen no disco do libro de texto de Anaya. Tamén se utiliza Internet para buscar calquera tipo de información que necesiten para solucionar algunhas tarefas. E sobre todo para facer o traballo trimestral sobre un tema proposto polo profesor e para o que van ter que buscar información na rede.

No departamento temos abundante material audiovisual a disposición do alumno, previo permiso do profesor.

Bótase en falta unha maior dotación de ordenadores porque na aula-departamento só temos un e mui vello, e levar aos alumnos á aula de Informática ou á Biblioteca supón unha grande perda de tempo, e sempre e cando eses ordenadores estén libres.

CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

A lei 4/2011, do 30 de xuño, de Convivencia e participación na Comunidade Educativa, fai fincapé na necesidade de manter un clima de convivencia e armonía nos centros educativos, baseado no respecto mútuo, pero tamén en promover valores, actitudes e prácticas que permitan unha mellor convivencia escolar.

Seguindo estas directrices, o IES Punta Candieira desenvolve un programa de convivencia que promove a relación positiva e afectiva entre os membros da comunidade educativa. Así, existe unha aula de convivencia onde se desenvolve unha estratexia pedagóxica dirixida á resolución de problemas e conflitos, entendida como un espazo de reflexión e observatorio de convivencia. Lévanse a cabo actividades dentro do horario de titoría encamiñadas ó desenrolo individual da persoa, así como programas de habilidades sociais e encontros familia - escola buscando a mellor colaboración e máxima eficacia.

Nesta liña, o Departamento de Clásicas participa de forma directa no desenvolvemento do Plan de Convivencia do centro.

E xa dentro do ámbito xeral, levamos a cabo unha participación directa nas actividades de atención educativa e atención á diversidade que funcionan dentro do marco educativo do noso instituto.

Tal e como se reflexa no plan de Convivencia, cremos que a convivencia e a participación é un dos obxectivos fundamentais da educación, e non debe centrarse simplemente nunha aplicación de medidas disciplinarias; por iso pretendemos desenvolver no noso alumnado unha serie de valores e habilidades de comunicación e relación social. A pesar de todo, sabemos que os problemas de convivencia aparecerán porque son propios de calquera sistema de relacións humanas, pero a prevención contribúe a reducilos. Por iso intentamos dentro e fora da aula:

- Manifestar entusiasmo pola materia e dar exemplo de dedicación e interese para favorecer a dedicación do alumnado ao estudo.
- Favorecer sesións de grupo para detectar os valores e normas relacionadas coa dedicación ao estudo e á educación
- Crear un clima de conforza co alumnado, e transmitirle individualmente os valores básicos relacionado coa disciplina do Centro.
- Informar e solicitar colaboración á familia en relación cos problemas observados na aula

- Ensinar as normas de disciplina de maneira adecuada á capacidade e etapa evolutiva do alumnado
- Explicar como as normas son necesarias para a boa marcha da clase
- Propiciar a participación do alumnado na procura de solucións aos problemas disruptivos que presente na aula
- Analizar a efectividade das medidas utilizadas a curto e a longo prazo

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Este curso, como todos desde hai xa moitos anos, os alumnos terán a posibilidade de acudir a unha excursión á Coruña ou Lugo no mes de marzo. Alí aproveitaremos para visitar algúns dos museos da cidade e sobre todo para acudir á representación dunha traxedia grega e dunha comedia romana nas que os actores son rapaces de instituto de idades semellantes as dos nosos alumnos. Esta saída ten pois unha compoñente didáctica de primeiro grado pero tamén é unha oportunidade única para ver o aspecto mais lúdico da cultura clásica.

PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.

Unha vez ao mes o profesor revisa a programación e o seu grado de cumprimento e pon por escrito na acta do Departamento as posibles desviacións da mesma cos motivos que levaron a esa situación e as propostas de mellora que pensa levar a cabo.

Tras analizar a situación recollerá no libro de Actas o seu análise, as conclusións pertinentes e as propostas de mellora e os cambios na programación que considere oportunos.

Información ás familias e ao alumnado.

A principio de curso o profesor informará aos alumnos na aula sobre a programación da materia e o seu dereito e o da súa familia a consultar dita programación en calquera momento. A programación completa estará á súa disposición ben no departamento, ou ben en Xefatura de Estudos. Por outra banda, na páxina web do Centro haberá a posibilidade de dispor dun resumo de contidos e criterios de cualificación que calquer membro da comunidade educativa poderá consultar en calquera momento. Ademais dito resumo, por escrito, estará á vista do alumnado nun lugar disposto pola dirección do centro.

En calquera caso, se as familias teñen alguna dúbida ben sobre a programación ou ben sobre calquer outro aspecto relacionado coa educación dos seus fillos por parte de este departamento, sempre pode pedir cita para ser recibido polo profesor ou a Xefa de Departamento, nas horas dispostas para atención a pais.

GREGO II

1.-Introdución

O papel das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

O Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos, está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como a facilitar a mobilidade persoal dos seus cidadáns e das súas cidadás, e o intercambio de ideas. O Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER), publicado en 2001, é un documento de particular transcendencia, non só como ferramenta práctica para propiciar a reflexión sobre o ensino das linguas e a transparencia de cursos, programas e titulacións entre os estados e dentro deles, senón tamén polo recoñecemento da competencia plurilingüe e intercultural, que transcende o concepto de multilingüismo, no seu día piar dos enfoques das políticas lingüísticas máis abertas ao recoñecemento da diversidade. Hoxe, o MCER constitúe unha referencia para proxectos e documentos clave do Consello de Europa, como a "Guía para a elaboración e posta en marcha de currículos para unha educación plurilingüe e intercultural" (2010), na que se desenvolve a noción de plurilingüismo como eixe dun enfoque centrado na rede de relacións entre distintas linguas e culturas. Nesta mesma liña, enmárcanse o informe do Foro Intergobernamental Europeo "O dereito dos estudantes á calidade e á equidade en educación. O papel das competencias lingüísticas e interculturais", mantido en Xenebra en novembro 2010, e a Conferencia intergubernamental "Calidade e inclusión en educación: o papel único das linguas", mantida en Estrasburgo en setembro de 2013. En ambos os foros europeos, recoñécese a importancia da competencia lingüística e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de maneira específica, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Xa que logo, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias de coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, daquela, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural póñense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto dos dereitos fundamentais.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, os procesos e as estratexias que se traballan nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Así, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua, informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

Por outra banda, o tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Xa que logo, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos que é necesario desmontar e superar. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz das dúas linguas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

Finalmente, a situación de sociedade multilingüe e plural na que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice. E que os faga conscientes da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e o éxito escolar. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender nas aulas. No caso das áreas de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura, os currículos presentan contidos similares en gran medida, e unha distribución igualmente similar en cada un dos cursos que conforman a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. Evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, que requiren un tratamento e un traballo específicos, pero hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade ou similitude que presentan en ambas as áreas, precisan ben seren abordados de maneira parella, ben seren presentados só nunha lingua pero traballados e practicados en cada unha delas, e utilizar a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado. Por tanto, o profesorado implicado no proceso de ensino e aprendizaxe de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura, en cada curso de ambas as etapas, deberá organizar o seu labor nun currículo integrado, que transcenda as linguas nas que un aprendiz sexa capaz de comunicarse. Isto supón recoñecer a existencia dunha competencia global para a comunicación lingüística e implica non só evitar a repetición de contidos nos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua, como son as estratexias de lectura ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos; senón tamén, e especialmente, priorizar a realización de actividades comunicativas de produción e comprensión de textos orais e escritos, pois destas depende o desenvolvemento da competencia xeral en comunicación lingüística.

Ademais, nos centros docentes teñen presenza linguas estranxeiras que tamén se abordan na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, pois o coñecemento dos valores e as crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada. Así, para o tratamento integrado de linguas é preciso que, igual que acontece non caso das dúas linguas cooficiais, haxa unha coordinación entre o profesorado destas e o de linguas estranxeiras, para evitar a repetición de contidos na liña das que se mencionaron para as linguas ambientais, e para unificar a terminoloxía. Non se pode esquecer que o

achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e ambientais.

Igualmente presentes nas aulas están as linguas clásicas, o latín e o grego, cuxo estudo a nivel fonético, morfosintáctico e léxico proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Desempeñan, pois, un papel relevante como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda; sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Xa que logo, é esencial a incorporación das linguas clásicas ao currículo integrado das linguas, para reforzar a reflexión lingüística do noso alumnado e fortalecer o seu acceso á cultura literaria.

Resulta obvio que, para a posta en práctica destes currículos integrados e o logro dos obxectivos plurilingües e interculturais que se perseguen, o profesorado é un elemento determinante, xa que deberá potenciar unha metodoloxía adecuada para levar a cabo enfoques comunicativos e proxectos plurais e transversais, promover a reflexión metacomunicativa e metalingüística e o contraste entre linguas, ou asegurar accións coordinadas entre os departamentos lingüísticos para decidir, entre outros, desde que lingua abordar o estudo dos xéneros discursivos ou as estratexias e os procesos cognitivos que están na base das actividades lingüísticas. Todo isto coa finalidade de construír en cada centro docente a coherencia pedagóxica no ensino das linguas.

As materias cuxos currículos se desenvolven ao abeiro desta introdución, as linguas, teñen como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Así, achegan as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.

A reflexión literaria, presente nun bloque de contidos nas linguas ambientais, o galego e o castelán, e nas linguas clásicas, a través da lectura, mediante a comprensión e interpretación de textos significativos favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/das estudantes, dálles acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas, ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfrónaos/as a situacións, sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento deles/as mesmos/as.

En definitiva, estas materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadáns e cidadás cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións, propias, claras e fundamentadas, e de gozar, a través da lectura crítica de obras literarias.

A materia de Grego na etapa de bacharelato ten como primeira finalidade introducir o alumnado no coñecemento básico da lingua grega antiga nos seus aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos, co obxecto de lle permitir acceder directamente a algúns dos textos orixinais máis importantes da tradición literaria helénica, a través dos cales chegou ata nós unha boa parte do denominado legado clásico. O estudo da lingua e a literatura grega serve, ademais, como instrumento idóneo para se iniciar nun coñecemento directo do pensamento e a cultura grega antiga, que constitúen a base da civilización occidental.

Por outra banda, a través do estudo das peculiaridades morfosintácticas do grego antigo é posible chegar a comprender máis profundamente conceptos lingüísticos que resultan esenciais para avanzar no coñecemento e o uso correcto, tanto da lingua propia como doutras lingua estudadas polo alumnado.

Partindo desta perspectiva, o estudo da materia organizouse en bloques que, con lixeiros matices, aparecen nos dous cursos. Estes bloques refírense tanto a cuestións lingüísticas como a temas culturais, tendo en conta que

ambos os aspectos constitúen dúas facetas inseparables e complementarias para o estudo da civilización grega, sen as que non é posible apreciar na súa verdadeira dimensión a importancia do seu legado.

O primeiro destes bloques parte da relación entre o grego antigo e outras linguas da familia indoeuropea, para analizar o papel que estas últimas tiveron na orixe e na formación de moitas das linguas que se falan na actualidade. Para a explicación deste feito, que tradicionalmente foi presentado como un dos principais argumentos para xustificar a importancia do estudo das linguas clásicas, cómpre partir do marco xeográfico en que se desenvolve a civilización grega, marco que resulta determinante na configuración do carácter dialectal da súa lingua. Ademais, estudárase a influencia dos acontecementos históricos na evolución e no desenvolvemento das linguas literarias e na posterior converxencia dos dialectos ata chegar a constituírse a koiné e o actual idioma grego. O alumnado que estuda grego clásico aprende grego moderno con notable facilidade, nomeadamente se se estudou mediante un método natural de aprendizaxe; é dicir, a metodoloxía das linguas modernas aplicada ao estudo das linguas clásicas, que cada vez máis profesorado utiliza nas súas aulas.

Ao estudo dos aspectos netamente lingüísticos dedícanse tres bloques: o primeiro, previsto só para o primeiro curso, céntrase nalgúns elementos básicos da lingua e, moi especialmente, no procedemento de escritura, comezando por percorrer os sistemas coñecidos para analizar despois a orixe e a evolución do alfabeto grego e a súa pronuncia e transcripción ao abecedario latino; os outros dous niveis de descrición e explicación do sistema son a morfoloxía e a sintaxe, dúas realidades inseparables que conforman e integran xuntas o aspecto gramatical. Preténdese iniciar o alumnado no concepto de flexión, facendo especial fincapé na distinción entre o procedemento temático e o aтемático, estudando a estrutura interna das palabras e os elementos formais destas que serven para definir a súa relación con outras dentro da oración. A sintaxe, á súa vez, ocúpase de estudar as estruturas oracionais gregas e os elementos que definen as súas construcións máis características, introducindo progresivamente niveis de maior complexidade. O fin último vai ser analizar e comprender os propios textos, aos que se dedica outro dos bloques de contidos previstos nos dous cursos, sempre de dificultade progresiva e adaptados aos contidos que o alumnado manexa en cada momento.

Pero como os textos non están carentes de contido, ou iso é o desexable, preténdese deste xeito facer fincapé na necesidade de estudar desde o primeiro momento a lingua no seu contexto real, como mecanismo de expresión intelectual e estética no que se exemplifican os contidos lingüísticos estudados. A lingua e a cultura constitúen dúas realidades inseparables e complementarias para afondar no coñecemento da civilización grega que, á fin e ao cabo, constitúe a cerna da nosa.

Nos dous cursos dedicouse un bloque ao estudo desta civilización, co obxecto de identificar non só os fitos máis importantes da súa historia senón tamén os aspectos propios da súa organización política e social e da súa identidade cultural, visibles nos papeis familiares, nos traballos, nos avances científicos e técnicos, nas festas e os espectáculos e, sobre todo, nas manifestacións relixiosas. Dentro destas merece especial atención o estudo da mitoloxía, pois a súa influencia resulta decisiva para a configuración do imaxinario occidental. Preténdese tamén iniciar o alumnado no coñecemento dalgunhas das manifestacións artísticas máis significativas do mundo antigo, entre as que destacan, por unha banda, as relativas ás artes plásticas e máis concretamente a escultura e a arquitectura, e, pola outra, ás literarias. Procurouse neste bloque establecer sempre unha valoración desde o punto de vista do mundo contemporáneo, unha comparación coa situación actual que enriqueza a nosa identidade.

No derradeiro curso, o estudo da cultura grega oriéntase principalmente ao coñecemento das manifestacións literarias, aproveitando os coñecementos da lingua xa adquiridos para introducir o alumnado no estudo da orixe e a evolución dos xéneros, mediante a lectura de fragmentos das obras orixinais, utilizándoas como instrumento para comprender as claves esenciais da sociedade en que viron a luz.

Para rematar, dedícase un bloque ao estudo do léxico, entendendo que este resulta imprescindible para avanzar no coñecemento de calquera lingua. Dentro deste ámbito préstase especial atención á etimoloxía, non só porque esta serve para pór de manifesto o mantemento das raíces grecolatinas nas linguas modernas senón, ademais, porque contribúe a que o alumnado adquira unha mellor comprensión da súa propia lingua, axudándolle a precisar o significado de termos coñecidos ou a descubrir outros que non utilizara anteriormente, e incorporándoos así, pouco a pouco, ao seu vocabulario.

Contextualización.

O IES Punta Candieira de Cedeira sitúase nunha zona fortemente influenciada pola cultura clásica. Isto pode apreciarse incluso nos propios topónimos da comarca e nos restos arqueolóxicos próximos como o castro de Cedeira aínda sen escavar, as mámoas de San Andrés de Teixido ou os restos romanos de Espasante nos que traballou o arqueólogo Emilio Ramil. Preto están tamén a Torre de Hércules, o castro de Elviña e o Museo Arqueolóxico do Castelo de San Antón onde se poden ver pezas tamén de esta zona. Por outro lado non hai que esquecer que estamos en Galicia onde a romanización foi tardía pero profunda. O galego, lingua cooficial da nosa Comunidades, é a que mais se parece de todas as linguas romances á súa nai, o latín, polo que os galegos temos o privilexio de ter mais doado o acercamento, sobre todo no léxico, a esta lingua. Así mesmo, como confirman os estudos antropolóxicos comparados, moitas tradicións, crenzas e costumes considerados propios de Galicia son en realidade restos de outros traídos polos romanos e que tamén aquí se conservan mellor que en ningún lugar do mundo

CONTRIBUCIÓN DAS ÁREAS E MATERIAS AO LOGRO DAS COMPETENCIAS

A comunicación lingüística é a competencia clave que máis presenza terá na materia de Grego, xa que o estudo da lingua, da súa orixe e evolución, do seu funcionamento interno, do seu léxico e dos seus textos ha redundar sen dúbida nun maior coñecemento e dominio das linguas propias. Non obstante, deberase ter en conta tamén o tratamento das outras competencias.

O labor de análise morfosintáctica e tradución non só constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que ao mesmo tempo estimula a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando o razoamento e impulsando a competencia clave de **aprender a aprender**.

A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía poden traballarse nos temas de cultura e civilización, e nas epígrafes referidas á localización xeográfica e temporal.

A competencia dixital deberá estar presente en todo momento; a procura de información na rede, a súa selección crítica e a súa utilización, entendidas como un proceso guiado polo profesorado, deberán servírnos para programar traballos colaborativos e producir novos materiais, e pólos ao dispor da comunidade educativa.

As competencias sociais e cívicas poden traballarse nomeadamente nos bloques referidos á civilización. A vida no mundo grego, na súa dimensión político-social ou relixiosa préstase sempre á valoración e á comparación co mundo actual, salientando semellanzas e diferenzas, e fomentando un xuízo crítico da realidade. Deste xeito, cobran nova forza conceptos como democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e diversidade.

A competencia en conciencia e expresión cultural, ademais de no estudo da literatura grega, está moi presente nos contidos referidos ás artes plásticas, ás festas e os espectáculos, e ás manifestacións relixiosas, entre as que tamén se contan os xogos deportivos. Coñecer e valorar todas estas manifestacións culturais artísticas, diferenciando xéneros e estilos, recoñecendo canons estéticos e estilos artísticos, lévanos a consideralas como parte do patrimonio dos pobos e a apreciar dun xeito especial aquelas que están dentro do noso contorno, ben sexa nas páxinas dun libro ou ben nun museo ou nun depósito arqueolóxico.

A competencia que traballa o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor estará presente sobre todo no bloques de contidos non lingüísticos, para aproveitar a metodoloxía do traballo en grupo de xeito responsable e proactivo.

O estudo das linguas clásicas, e do grego en particular, constitúe un instrumento fundamental para favorecer o discurso e, por tanto, a estruturación do pensamento do alumnado, o desenvolvemento da lóxica lingüística e a disciplina mental que se manteñen no tempo aínda que se esquezan os contidos concretos.

Por último, cómpre lembrar que nesta nosa sociedade que vive por e para o utilitarismo e o inmediato será imprescindible facer unha reflexión sobre o valor do que é realmente importante para que o noso alumnado adopte unha visión crítica da sociedade que o rodea. Os coñecementos adquiridos nas aulas que nun principio poden parecer carentes de utilidade práctica resultan verdadeiramente importantes cando capacitan a persoa para adoptar criterios que lle permitan discernir entre o xusto e o inxusto, o relevante e o accesorio, entre o καλόν e o κακόν.

OBXECTIVOS

Obxectivos xerais do bacharelato.

No marco da LOMCE, o Bachillerato ten como finalidade proporcionar ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lles permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará ao alumnado para acceder á educación superior. O Bachillerato contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución Española así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e, no seu caso, a lingua cooficial da súa comunidade autónoma.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellóraa da súa contorna social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- j) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente.
- k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

- m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade vial.

Obxectivos de Grego II

- 1 Coñecer e comprender vos aspectos básicos da morfoloxía e a sintaxe grega, de modo que o alumnado poida traducir e interpretar textos gregos adecuados a este nivel do ensino e relacionados con aspectos culturais.
2. Reflexionar sobre os elementos fundamentais que conforman as linguas, profundando no coñecemento das súas estruturas e mellorando o uso da súa propia por semellanza ou diferenza coa grega.
3. Ordenar os seus propios conceptos lingüísticos, establecendo categorías xerárquicas, oposicións e relacións entre ámbitos lingüísticos distintos.
4. Identificar e interpretar un número apropiado a este nivel de étimos gregos no vocabulario do alumnado e da súa lingua materna e outras linguas modernas estudadas.
5. Asimilar elementos culturais gregos mediante a interpretación de textos orixinais sinxelos e a lectura doutros traducidos referentes aos distintos valores, costumes e formas de vida das culturas gregas.
6. Adquirir un léxico grego básico derivado dos textos traducidos, que lle proporcione a sintonía adecuada para afrontar a tradución dos textos seguintes e deducir o significado doutras palabras gregas derivadas.
7. Interpretar e analizar a estrutura e o contido dos diferentes textos presentados en tradución.
8. Valorar as achegas do mundo clásico como elemento integrador de diferentes correntes de pensamento e actitudes que conforman o ámbito cultural europeo ao que o alumnado pertence, desenvolvendo así o seu sentimento de pertenza ao mesmo.
9. Investigar no pasado histórico do mundo grego e recoñecer os aspectos do mundo contemporáneo que se derivan daquel.
10. Buscar e investigar de forma crítica en documentos e fontes variadas de información, co fin de desenvolver técnicas de traballo intelectual que lles permitan profundar de forma individual no coñecemento da lingua e a cultura estudadas.
11. Crearse unha conciencia individual que lles axude a formarse opinións persoais a través da adquisición dos valores humanísticos que a cultura grega atesoura.
12. Captar e asimilar os valores éticos, estéticos, literarios, políticos, etc., que formaban a cultura grega, identificando nela as fontes de amplas parcelas do mundo contemporáneo.
13. Desenvolver o sentimento de pertenza á comunidade política, socioeconómica e cultural, asimilando os ideais de liberdade, democracia, igualdade, medida e respecto ao ser humano que recibiron primeira formulación na cultura grega.
14. Adquirir as técnicas de traballo intelectual e os coñecementos científicos propios da materia de Grego para poder abordar con éxito o estudo da modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais e, en xeral, para iniciarse nos mecanismos da investigación científica.

15. Adquirir unha sensibilidade artística e literaria que o estudo da cultura grega en todas as súas manifestacións (pensamento, arte, deporte, etc.) proporciona necesariamente como berce intelectual de Occidente, á vez que é axuda inestimable para relacionar contidos de diversas áreas de coñecemento.

CONTIDOS

Grego II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Lingua grega				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ f ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Dialectos antigos, dialectos literarios e koiné. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Coñecer as orixes dos dialectos antigos e literarios, clasificalos e localizalos nun mapa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B1.1.1. Delimita ámbitos de influencia dos distintos dialectos, situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Do grego clásico ao grego moderno. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Comprender a relación directa entre o grego clásico e o moderno, e sinalar algúns trazos básicos que permiten percibir este proceso de evolución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B1.2.1. Compara termos do grego clásico e os seus equivalentes en grego moderno, constatando as semellanzas e as diferenzas que existen entre uns e outros e analizando a través destas as características xerais que definen o proceso de evolución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Do grego clásico ao grego moderno. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Recoñecer a evolución da lingua grega ata chegar ao momento actual nos aspectos fonéticos, morfosintáctico e léxico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B1.3.1. Coñece a pronuncia da lingua grega moderna e utiliza algunhas palabras e expresións básicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
Bloque 2. Morfoloxía				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Revisión da flexión nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Identificar, analizar, traducir e efectuar a retroversión de calquera tipo de formas nominais e pronominais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B2.1.1. Recoñece con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Revisión da flexión verbal: conjugación atemática. Modos verbais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Identificar, conjugar, traducir e efectuar a retroversión de calquera tipo de formas verbais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B2.2.1. Recoñece con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Análise morfolóxica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Coñecer as categorías gramaticais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B2.2.1. Nomea e describe as categorías gramaticais, sinalando as características que as distinguen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Análise morfolóxica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B2.4.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL

Grego II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Análise morfolóxica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto grego. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B2.5.1. Sabe determinar a forma, a clase e a categoría gramatical das palabras dun texto, detectando correctamente coa axuda do dicionario os morfemas que conteñen información gramatical. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
Bloque 3. Sintaxe				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Recoñecer os valores dos casos e os usos sintácticos do sistema pronominal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B3.1.1. Recoñece os valores dos casos gregos e os usos dos pronomes en frases e textos propostos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Recoñecer os usos das preposicións e dos complementos circunstanciais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B3.2.1. Recoñece os valores das preposicións e identifica os complementos circunstanciais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Usos modais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Coñecer e identificar os usos modais propios da lingua grega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B3.3.1. Coñece, identifica e traduce correctamente os usos modais propios da lingua grega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Tipos de oracións e construcións sintácticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B3.4.1. Recoñece e clasifica oracións e construcións sintácticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Oración composta. Formas de subordinación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Recoñecer os nexos subordinantes e os tipos de oracións subordinadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B3.5.1. Recoñece, clasifica, analiza e traduce correctamente os nexos subordinantes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Oración composta. Formas de subordinación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B3.6.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B3.6.2. Coñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Análise, tradución e interpretación de textos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas da lingua grega en interpretacióne tradución de textos de textos clásicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B3.7.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas gregas, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B3.7.2. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e castelán. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
Bloque 4. Literatura				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Xéneros literarios: épica, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Coñecer as características 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B4.1.1. Describe as 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL

	Grego II. 2º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ h ▪ i ▪ n 	historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula.	dos xéneros literarios gregos, os seus autores e obras máis representativas, e as súas influencias na literatura posterior.	características esenciais dos xéneros literarios gregos, e identifica e sinala a súa presenza nos textos propostos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ h ▪ i ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Analizar, interpretar e situar no tempo textos mediante lectura comprensiva, distinguindo o xénero literario ao que pertencen, as súas características esenciais e a súa estrutura, se a extensión da pasaxe elixida o permite. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B4.2.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura grega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B4.2.2. Distingue o xénero literario ao que pertence un texto, as súas características e a súa estrutura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ h ▪ i ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Coñecer os fitos esenciais da literatura grega como base da literatura e da cultura europea e occidental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B4.3.1. Explora a conservación dos xéneros e os temas literarios da tradición grega mediante exemplos da literatura contemporánea, e analiza o uso que se fixo deles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ h ▪ i ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Establecer relacións e paralelismos entre a literatura clásica e a posterior. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B4.4.1. Pode establecer relacións e paralelismos entre a literatura grega e a posterior. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ h ▪ i ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Coñecer os autores fundamentais da literatura coas súas obras principais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B4.5.1. Nomea autores representativos da literatura grega, encádraos no seu contexto cultural e cita e explica as súas obras máis coñecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCEC
Bloque 5. Textos				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Tradución e interpretación de textos gregos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Coñecer, identificar e relacionar os elementos morfolóxicos da lingua grega en interpretación e tradución de textos gregos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos gregos para efectuar correctamente a súa tradución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Uso do dicionario. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Utilizar o dicionario e procurar o termo máis apropiado na lingua propia para a tradución do texto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, e identifica en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia en función do contexto e do estilo empregado polo/a autor/a. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Comentario e análise filolóxica de textos de grego clásico orixinais, preferiblemente en prosa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Realizar a tradución, a interpretación e o comentario lingüístico, literario e histórico de textos de grego clásico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentario lingüístico, literario e histórico de textos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Coñecer o contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos, partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC

	Grego II. 2º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ n			coñecementos adquiridos previamente.	
▪ d ▪ n	▪ B5.5. Identificación das características formais dos textos.	▪ B5.5. Identificar as características formais dos textos.	▪ GR2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto.	▪ CCL
Bloque 6. Léxico				
▪ d ▪ e ▪ f	▪ B6.1. Helenismos máis frecuentes do léxico especializado e común.	▪ B6.1. Recoñecer os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e rementalos aos étimos gregos orixinais.	▪ GR2B6.1.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e explica o seu significado a partir dos étimos gregos orixinais.	▪ CCL
▪ d ▪ e ▪ f	▪ B6.1. Helenismos máis frecuentes do léxico especializado e común.	▪ B6.2. Identificar a etimoloxía e coñecer o significado das palabras de orixe grega da lingua propia ou de outras, obxecto de estudo de léxico común e especializado.	▪ GR2B6.2.1. Deduce e explica o significado de palabras da propia lingua ou de outras, obxecto de estudo, a partir dos étimos gregos dos que proceden.	▪ CCL
▪ d ▪ e ▪ f ▪ n	▪ B6.2. Ampliación de vocabulario básico grego: linguaxe literaria e filosófica.	▪ B6.3. Coñecer, identificar e traducir o léxico grego.	▪ GR2B6.3.1. Explica o significado de termos gregos mediante termos equivalentes en galego e en castelán.	▪ CCL
			▪ GR2B6.3.2. Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir do contexto ou de palabras da súa lingua ou doutras que coñeza.	▪ CCL
▪ d ▪ e ▪ f ▪ n	▪ B6.2. Ampliación de vocabulario básico grego: linguaxe literaria e filosófica.	▪ B6.4. Relacionar palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.	▪ GR2B6.4.1. Comprende e explica a relación entre termos pertencentes á mesma familia etimolóxica ou semántica.	▪ CCL
▪ d ▪ e ▪ f	▪ B6.3. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua.	▪ B6.5. Recoñecer a etimoloxía e evolución das palabras da propia lingua.	▪ GR2B6.5.1. Recoñece e distingue cultismos, termos patrimoniais e neoloxismos a partir do étimo grego, e explica as evolucións que se producen nun caso e en outro.	▪ CCL
▪ d ▪ e ▪ f	▪ B6.4. Descomposición de palabras nos seus formantes.	▪ B6.6. Recoñecer e identificar os elementos léxicos e os procedementos de formación do léxico grego, a derivación e a composición, para entender mellor os procedementos de formación de palabras nas linguas actuais.	▪ GR2B6.6.1. Descompón palabras tomadas tanto do grego antigo como da lingua propia nos seus formantes, e explica o seu significado.	▪ CCL
			▪ GR2B6.6.2. Sabe descompor unha palabra nos seus formantes e coñecer o seu significado en grego, para aumentar o caudal léxico e o coñecemento da lingua propia.	▪ CCL

TEMPORALIZACIÓN.

1ª AVALIACIÓN

Unidade 1: Épica. A *Ilíada*

Legado

- Homero. A *Ilíada*. Quen foi Homero? Características da épica. A *Ilíada* e a guerra de Troia.
- Tradición e permanencia: A permanencia do xénero épico: Ecos do xénero épico.

Léxico

- Derivación e composición. Conceptos. Os substantivos derivados I.
- Familias semánticas: A guerra.
- Helenismos: Elementos da natureza.
- O uso do dicionario: As abreviaturas.

Lingua

- A declinación en α. A declinación temática. A declinación aтемática.
- Os modos verbais: o subxuntivo.

Textos

- Un texto analizado e traducido.
- Textos gregos: I. Homero. II. Antoloxía.

Unidade 2: Épica. A *Odisea*

Legado

- Homero. A *Odisea*. Contido. Estrutura. Personaxes. Lingua e estilo. Significado.
- Tradición e permanencia: A permanencia do xénero épico: Ecos do xénero.

Léxico

- Os substantivos derivados II.
- Familias semánticas: Os deuses, os lugares e os heroes homéricos.
- Helenismos: Materia e forma.
- O uso do dicionario: O enunciado de substantivos e adxectivos.

Lingua

- O adxectivo. O sistema do adxectivo. Adxectivos 2-1-2. Adxectivos 3-1-3 e 3-3.
- O artigo.
- Os modos verbais: o optativo.

Textos

- Un texto analizado e traducido.
- Textos gregos: I. A *Odisea*. II. Antoloxía.

Unidade 3: Épica. Argonáuticas

Legado

- A literatura de época helenística. Apolonio de Rodas. As *Argonáuticas*: argumento, estrutura, personaxes, significado.
- Tradición e permanencia: A permanencia do xénero épico: Ecos do xénero épico

Léxico

- Os substantivos derivados III.
- Familias semánticas: Seres mitolóxicos.
- Helenismos: Tempo, espazo e movemento.
- O uso do dicionario: O enunciado de pronomes.

Lingua

- O sistema pronominal.
- Oracións subordinadas adverbiais I: comparativo-modais, consecutivas, finais, causais.

Textos

- Un texto analizado e traducido.
- Textos gregos: I. As *Argonáuticas*. II. Antoloxía.

Unidade 4: Lírica

Legado

- A poesía lírica en Grecia. Clasificación: a lírica coral, a lírica monódica: a poesía mélica, a poesía iámbica e a poesía. Autores. Temas e pensamento.
- Tradición e permanencia: A permanencia do xénero lírico: Ecos do xénero lírico.

Léxico

- Os substantivos derivados IV.
- Familias semánticas: O tempo e os fenómenos naturais.
- Helenismos: Os seres vivos.
- O uso do dicionario: O contido dos artigos de adverbios e preposicións.

Lingua

- Os adverbios. As preposicións.
- As oracións subordinadas II: temporais, condicionais, concesivas.

Textos

- Un texto analizado e traducido.
- Textos gregos: I. A poesía lírica. II. Antoloxía.

2ª AVALIACIÓN

Unidade 5: Traxedia.

Legado

- O xénero dramático en Grecia. As orixes: festa, traxedia e comedia. O edificio, o público, os actores, as obras. A traxedia. Esquilo: obras, pensamento, linguaxe e estilo.
- Tradición e permanencia: A permanencia do xénero trágico: Ecos de Esquilo.

Léxico

- Os verbos derivados: denominativos e deverbativos.
- Familias semánticas: As artes.
- Helenismos: Cantidade e tamaño.
- O uso do dicionario: O enunciado dos verbos.

Lingua

- Os verbos temáticos.
- O tema de perfecto.

Textos

- Un texto analizado e traducido.
- Textos gregos: I. Teatro. II. Antoloxía.

Unidade 6: Traxedia. Sófocles e Eurípides

Legado

- Sófocles e Eurípides.
- Tradición e permanencia: A permanencia do xénero trágico: Ecos de Sófocles e de Eurípides.

Léxico

- Os adxectivos denominativos.
- Familias semánticas: Relixión.
- Helenismos: Percepción.
- O uso do dicionario: O contido dos artigos de verbos.

Lingua

- A voz pasiva.
- Os verbos atemáticos.

Textos

- Un texto analizado e traducido.
- Textos gregos: I. Sófocles e Eurípides. II. Antoloxía.

Unidade 7: Comedia. Aristófanes

Legado

- Orixe. Evolución. A comedia antiga: Aristófanes. Obras. Contido, forma, linguaxe e estilo.
- Tradición e permanencia: A permanencia do xénero cómico: Ecos do xénero cómico.

Léxico

- Os adxectivos verbais.
- Familias semánticas: O ser humano.
- Helenismos: O corpo humano I.
- O uso do dicionario: O contido de artigos de substantivos.

Lingua

- As formas nominais do verbo: o infinitivo.
- Os modos verbais: o imperativo.

Textos

- Un texto analizado e traducido.
- Textos gregos: I. A comedia. II. Antoloxía.

Unidade 8: Novela

Legado

- Características da novela. Fontes e orixes. Público e sociedade da novela. As novelas: autores e obras.
- Tradición e permanencia: A permanencia do xénero novelesco.

Léxico

- Os prefixos non preposicionais I.
- Familias semánticas: O cotián.
- Helenismos: O corpo humano II.
- O uso do dicionario: O contido dos artigos de adxectivos.

Lingua

- As formas nominais do verbo. O participio.
- A interrogación.

Textos

- Un texto analizado e traducido.
- Textos gregos: I. Novela. II. Antoloxía.

3ª AVALIACIÓN

Unidade 9: Historiografía

Legado

- Os prefixos non preposicionais II.
- Tradición e permanencia: A permanencia da historiografía. Ecos da historiografía.

Léxico

- Os prefixos non preposicionais I.
- Familias semánticas: O goberno. A sociedade.
- Helenismos: Busca e interpretación.
- O uso do dicionario: A sociedade.

Lingua

- Os casos gregos e a súa función sintáctica.
- Sintagma e oración: O sintagma. A estrutura do SN. A ruptura da orde do sintagma. O C. Pred.

Textos

- Un texto analizado e traducido.
- Textos gregos: I. Historiografía. II. Antoloxía.

Unidade 10: Oratoria

Legado

- Logografía e retórica. O discurso. Os principais oradores: Eivas, Isócrates. Demóstenes: obras, lingua e estilo.
- Tradición e permanencia: A permanencia da oratoria. Ecos do xénero oratorio.

Léxico

- Os prefixos preposicionais I.
- Familias semánticas: A política.
- Helenismos: Acción I.
- O uso do dicionario: Busca e interpretación.

Lingua

- A oración: oración simple e oración composta.
- Hipotaxe.
- As oracións subordinadas substantivas.
- A construción persoal e impersoal.

Textos

- Un texto analizado e traducido.
- Textos gregos: I. Oratoria. II. Antoloxía.

Unidade 11: Filosofía

Legado

- Sócrates.
- Tradición e permanencia: A permanencia da filosofía. Ecos de Sócrates.

Léxico

- Os prefixos preposicionais II.
- Familias semánticas: A filosofía.
- Helenismos: Acción II.

- O uso do dicionario: Busca e interpretación.

Lingua

- Hipotaxe: as oracións subordinadas adxectivas.
- A construción persoal e impersoal.

Textos

- Un texto analizado e traducido.
- Textos gregos: I. Filosofía. II. Antoloxía.

Unidade 12: Prosa científica e técnica

Legado

- Matemáticas e astronomía. Física e enxeñería. Ciencias naturais. Medicina.
- Tradición e permanencia: A permanencia da prosa científica e técnica. Ecos do xénero.

Léxico

- A composición de dúas palabras simples.
- Familias semánticas: As ciencias.
- Helenismos: Ciencia e técnica.
- O uso do dicionario: Busca e interpretación.

Lingua

- Hipotaxe. As oracións subordinadas adverbiais.

Textos

- Un texto analizado e traducido.
 - Textos gregos: I. Prosa científica e técnica. II. Antoloxía

CONTIDOS POR UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / COMPETENCIAS CLAVE

UNIDADE 1

	<p>3. Coñecer un vocabulario grego mínimo do campo semántico da ciencia, así como posibles derivados na lingua materna do alumnado das palabras dese campo semántico. Identificar formante, étimos e significado de helenismos derivados de termos do campo semántico da ciencia e a técnica estudados.</p>	<p>3.1. Identifica e expresa o significado dos nomes do campo semántico da ciencia e recoñece e explica posibles derivados na súa lingua materna das palabras dese campo semántico.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CCEC</p>

		3.2. Identifica helenismos derivados dos formantes do campo semántico da ciencia e a técnica estudados, así como os seus compoñentes e significado.	CCL, CMCT, CD, CAA, CCEC
- Sintaxe: As oracións subordinadas adverbiais.	4. Coñecer a sintaxe das oracións subordinadas adverbiais (forma e función) e os seus principais nexos. Aplicar na tradución de oracións os contidos lingüísticos estudados na unidade.	4.1. Recoñece os tipos de oracións subordinadas adverbiais e os seus principais nexos. Identifica e traduce correctamente os contidos lingüísticos estudados na unidade na tradución de oracións.	CCL, CMCT, CD, CAA, CCEC
- Os textos gregos e a súa interpretación. Prosa científica e técnica e antoloxía do <i>Evanxeo segundo San Lucas</i> , Xoán Crisóstomo, Menandro e Platón.	5. Saber expoñer e comentar ordenadamente e con claridade cuestións literarias e culturais formuladas en relación co texto proposto para traducir.	5.1. Expón e comenta ordenadamente e con claridade cuestións literarias e culturais formuladas en relación con textos propostos para a súa tradución.	CCL, CMCT, CAA, CSC, CSIEE, CCEC
		5.2. Distingue e comenta nos textos estudados aspectos léxicos significativos (formación do léxico, relación etimolóxica entre o vocabulario do texto e o das linguas do alumnado, uso correcto do dicionario).	CCL, CMCT, CAA, CSC, CSIEE, CCEC
	6. Identificar nos textos aspectos léxicos significativos. Recoñecer nos textos propostos os elementos básicos da morfoloxía e sintaxe estudados ata o momento, con especial énfase naqueles relativos a esta unidade. Interpretar correctamente textos	6.1. Identifica, analiza e traduce correctamente nos textos gregos propostos os elementos básicos da morfoloxía e sintaxe estudados ata o momento, con especial énfase naqueles relativos a esta unidade.	CCL, CMCT, CAA, CSC, CSIEE, CCEC

	gregos orixinais.	6.2. Traduce coa maior corrección posible os textos.	CCL, CMCT, CAA, CSC, CSIEE, CCEC
--	-------------------	--	---

.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os estándares de aprendizaxe avaliábeis como especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe, e que concretan o que o alumno debe saber, comprender e saber facer en Grego II, deben ser observables, medibles e, evidentemente, avaliábeis, de forma que permitan graduar o rendemento ou logro alcanzado. O seu deseño contribúe e facilita o deseño de probas estandarizadas e comparables.

Dentro da distribución de competencias establecidas pola LOMCE, é o Goberno quen os establece, tanto para as materias do bloque de materias troncais coma para as do bloque de materias específicas. Mediante estes estándares de aprendizaxe, pois, garántese que os criterios de avaliación e os contidos que poidan completar as distintas Administracións educativas en desenvolvemento das competencias que lles atribúe a normativa básica, ofrezan unha formación común a todos os alumnos e permiten, á súa vez, establecer unhas probas de avaliación final estandarizadas e comparables.

Outra das competencias do Goberno respecto das materias do bloque de materias troncais é establecer os contidos comúns, polo que existe e así se recolle na norma básica unha relación directa entre contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis que se recolle a continuación para cada un dos sete bloques en que a norma estrutura os contidos da materia Grego II. É necesario indicar que na Programación de Aula na que se desenvolve a Programación de cada unidade didáctica se completarán os contidos e criterios de avaliación recollidos na norma.

Bloque 1. Lingua grega	
CONTIDOS	- Os dialectos antigos, os dialectos literarios e a koiné. - Do grego clásico ao grego moderno.
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	1. Coñecer as orixes dos dialectos antigos e literarios, clasificalos e localizalos nun mapa. 2. Comprender a relación directa que existe entre o grego clásico e o moderno e sinalar algúns trazos básicos que permiten percibir este proceso de evolución.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	<p>1.1. Delimita ámbitos de influencia dos distintos dialectos, situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.</p> <p>2.1. Compara termos do grego clásico e os seus equivalentes en grego moderno, constatando as semellanzas e as diferenzas que existen entre uns e outros e analizando a través destas as características xerais que definen o proceso de evolución.</p>
---	---

Bloque 2. Morfoloxía	
CONTIDOS	<ul style="list-style-type: none"> - Revisión da flexión nominal e pronominal: Formas menos usuais e irregulares. - Revisión da flexión verbal: A conxugación aatemática. Modos verbais.
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	<ol style="list-style-type: none"> 1. Coñecer as categorías gramaticais. 2. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras. 3. Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto clásico. 4. Identificar, conxugar, traducir e efectuar a retroversión de todo tipo de formas verbais.
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	<ol style="list-style-type: none"> 1.1. Nomea e describe as categorías gramaticais, sinalando os trazos que as distinguen. 2.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos e buscando exemplos doutros termos nos que estean presentes. 3.1. Sabe determinar a forma clase e categoría gramatical das palabras dun texto, detectando correctamente con axuda do dicionario os morfemas que conteñen información gramatical. 4.1. Recoñece con seguridade e axudándose do dicionario todo tipo de formas verbais, conxugándoas e sinalando o seu equivalente en castelán.

Bloque 3. Sintaxe	
CONTIDOS	<ul style="list-style-type: none"> - Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal. - Usos modais. - Tipos de oracións e construcións sintácticas. - A oración composta. - Formas de subordinación.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	<ol style="list-style-type: none"> 1. Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas. 2. Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo. 3. Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas da lingua grega en interpretación e tradución de textos de textos clásicos.
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	<ol style="list-style-type: none"> 1.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas gregas relacionándoas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñece. 2.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, traducíndoas correctamente e explicando as funcións que desempeñan. 2.2. Coñece, analiza e traduce de forma correcta as construcións de participio relacionándoas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñece. 3.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en castelán.

Bloque 4. Literatura	
CONTIDOS	<ul style="list-style-type: none"> - A épica. - - O drama: Traxedia e comedia. - A lírica.
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	<ol style="list-style-type: none"> 1. Coñecer as características dos xéneros literarios gregos, os seus autores e obras máis representativas e as súas influencias na literatura posterior. 2. Coñecer os fitos esenciais da literatura grega como base literaria da literatura e cultura europea e occidental. 3. Analizar, interpretar e situar no tempo textos mediante lectura comprensiva, distinguindo o xénero literario ao que pertencen, as súas características esenciais e a súa estrutura se a extensión da pasaxe elixida o permite. 4. Establecer relacións e paralelismos entre a literatura clásica e a posterior.
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	<ol style="list-style-type: none"> 1.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios gregos e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos. 2.1. Realiza eixes cronolóxicos situando neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura grega. 2.2. Nomea autores representativos da literatura grega,

	<p>encadrándoos no seu contexto cultural e citando e explicando as súas obras máis coñecidas.</p> <p>3.1.Realiza comentarios de textos gregos situándoos no tempo, explicando as súas características esenciais e identificando o xénero ao que pertencen.</p> <p>4.1.Explora a permanencia dos xéneros e os temas literarios da tradución grega mediante exemplos da literatura contemporánea, analizando o distinto uso que se fixo destes.</p>
--	---

Bloque 5. Textos	
CONTIDOS	<ul style="list-style-type: none"> - Tradución e interpretación de textos clásicos. - Uso do dicionario. - Comentario e análise filolóxica de textos de grego clásico orixinais, preferiblemente en prosa. - Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos. Identificación das características formais dos textos.
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	<ol style="list-style-type: none"> 1. Coñecer, identificar e relacionar os elementos morfolóxicos da lingua grega en interpretación e tradución de textos de textos clásicos. 2. Realizar a tradución, interpretación e comentario lingüístico, literario e histórico de textos de grego clásico. 3. Identificar as características formais dos textos. 4. Utilizar o dicionario e buscar o termo máis apropiado na lingua propia para a tradución do texto. 5. Coñecer o contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	<ol style="list-style-type: none"> 1.1.Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos gregos para efectuar correctamente a súa tradución. 2.1.Aplica os coñecementos adquiridos para realizar un comentario lingüístico, literario e histórico de textos. 3.1.Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto. 4.1.Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, identificando en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia en función do contexto e do estilo empregado polo autor. 5.1.Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.

Bloque 6. Léxico	
CONTIDOS	<ul style="list-style-type: none"> - Ampliación de vocabulario básico grego: A linguaxe literaria e filosófica. - Helenismos máis frecuentes do léxico especializado. - Descomposición de palabras nos seus formantes. - Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua.
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	<ol style="list-style-type: none"> 1. Coñecer, identificar e traducir o léxico grego. 2. Identificar e coñecer os elementos léxicos e os procedementos de formación do léxico grego para entender mellor os procedementos de formación de palabras nas linguas actuais. 3. Recoñecer os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado e remontalos aos étimos gregos orixinais. 4. Identificar a etimoloxía e coñecer o significado das palabras de orixe grega da lingua propia ou doutras, obxecto de estudo tanto de léxico común coma especializado. 5. Relacionar distintas palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica. 6. Recoñecer os elementos léxicos e os procedementos de formación do léxico grego: a derivación e a composición para entender mellor os procedementos de formación de palabras nas linguas actuais.
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	<ol style="list-style-type: none"> 1.1. Explica o significado de termos gregos mediante termos equivalentes en castelán e galego. 2.1. Descompón palabras tomadas tanto do grego antigo como da propia lingua nos seus distintos formantes explicando o significado destes. 3.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado e explica o seu significado a partir dos étimos gregos orixinais. 3.2. Recoñece e distingue a partir do étimo grego cultismos, termos patrimoniais e neoloxismos explicando as diferentes evolucións que se producen nun e outro caso. 4.1. Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir do contexto ou de palabras da súa lingua ou doutras que coñece. 4.2. Deduce e explica o significado de palabras da propia lingua ou doutras, obxecto de estudo a partir dos étimos gregos dos que proceden. 5.1. Comprende e explica a relación que existe entre diferentes termos pertencentes á mesma familia etimolóxica ou semántica. 6.1. Sabe descompoñer unha palabra nos seus distintos formantes, coñecer o seu significado en grego para aumentar o caudal léxico e o coñecemento da propia lingua.

MÍNIMOS ESIXIBLES

Os mínimos serán os que aparecen no currículo de Grego no DOGA de 25 de Xuño de 2015.

En Grego II serán os seguintes:

Bloque I: Lingua grega

Coñecemento somero dos diferentes dialectos gregos antigos e literarios e a koiné

O grego moderno como evolución do grego clásico.

Bloque II: Morfoloxía

Determinación da forma, clase e categoría gramatical das palabras dun texto, detectando correctamente con axuda do dicionario os morfemas que conteñen información gramatical.

Recoñecemento con seguridade e axudándose do dicionario de todo tipo de formas verbais, conxugándoas e sinalando o seu equivalente en castelán.

Bloque III: Sintaxe

Identificación na análise de frases e textos de dificultade graduada de elementos sintácticos propios da lingua grega relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en castelán.

Bloque IV: Literatura

Descrición das características esenciais dos xéneros literarios gregos e identificación e sinalización da súa presenza en textos propostos.

Realización de eixes cronolóxicos situando neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura grega.

Nomear autores representativos da literatura grega, encadrándoos no seu contexto cultural e citando e explicando as súas obras máis coñecidas.

Bloque V: Textos

Utilización adecuada da análise morfolóxica e sintáctica de textos gregos para efectuar correctamente a súa tradución.

Aplicación dos coñecementos adquiridos para realizar un comentario lingüístico, literario e histórico de textos. Utilización con seguridade e autonomía do dicionario para a tradución de textos

Bloque VI: Léxico

Identificación dos helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado e explicación do seu significado a partir dos étimos gregos orixinais.

Recoñecemento e distinción a partir do étimo grego de cultismos, termos patrimoniais e neoloxismos explicando as diferentes evolucións que se producen nun e outro caso

Comprensión e explicación da relación que existe entre diferentes termos pertencentes á mesma familia etimolóxica ou semántica.

Descomposición dunha palabra nos seus distintos formantes, coñecendo o seu significado en grego

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Observación directa de participación en clase.

Realización dun traballo individual ou colectivo acerca dun tema proposto polo profesor.

Lectura dun libro na aula e traballo sobre él que se avaliará ca mesma escala de observación que a participación en clase

Proba escrita obxetiva. Exame ou cuestionario para avaliar se se conseguiron os estándares de aprendizaxe previstos.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

. ESCALA DE OBSERVACIÓN: PARTICIPACIÓN EN CLASE

Alumnos/as	Contribúe voluntariamente nas actividades de clase			Realiza preguntas pertinentes sobre os temas tratados			Argumenta as súas exposicións tanto ao profesor coma aos seus			Demuestra atención aos argumentos dos seus compañeiros/as e está aberto/a a eles			Vén preparado/a a clase e adoita traer material			Ten iniciativa e creatividade nas actividades propostas		
	S	AV	N	S	AV	N	S	AV	N	S	AV	N	S	AV	N	S	AV	N

. ESCALA DE REALIZACIÓN DUN TRABALLO SOBRE UN TEMA PROPOSTO POLO PROFESOR.

OBJECTIVO	PUNTOS	EXCELENTE; 4	ALTO; 3	BAIXO; 2	ESCASO; 1
CONTIDO	1	O tema obxecto do traballo trátase de forma creativa, sorprendente, amena, única.	O tema trátase con certa orixinalidade e de forma amena.	O tema desenvolveuse (ou parece) a partir dun traballo xa existente.	O traballo non é/parece orixinal nin de autoría propia.
	2	Cobre o tema obxecto do traballo con profundidade.	Cobre o tema obxecto do traballo de forma adecuada.	Apenas inclúe a información esencial do tema.	A información sobre o tema é escasa.
	3	O texto mostra que o coñecemento do tema é excelente.	O texto mostra que o coñecemento do tema parece ser bo.	O texto mostra certos erros na asimilación do contido.	O texto mostra erros ou carencias na asimilación do contido.
	4	Empréganse de forma profusa imaxes e/ou infografías que complementan e axudan á comprensión do tema.	Empréganse varias imaxes e/ou infografías que complementan e axudan á comprensión do tema.	Apenas se empregan imaxes e/ou infografías, ou non achegan nin axudan á comprensión do tema obxecto do traballo.	Non se empregan imaxes nin infografías no traballo.
	5	O texto garda unidade temática e coidouse a súa claridade, respectando a estrutura gramatical.	O texto garda unidade temática e coidouse a súa claridade, pero non se respectou a estrutura gramatical.	O texto garda unidade temática, pero non se coidou a súa claridade nin se respectou a estrutura gramatical.	O texto non garda unidade temática e non se coidou a súa claridade; é unha unión de distintos textos.
	6	Non hai erros ortográficos nin gramaticais en todo o traballo.	O traballo ten entre 1 e 5 erros ortográficos ou gramaticais.	O traballo ten entre 6 e 10 erros ortográficos ou gramaticais.	O traballo ten 6 ou máis erros ortográficos ou gramaticais.
ORGANIZACIÓN	7	A portada enganxa e introduce o tema obxecto do traballo e aos autores, e é seguida por un índice.	A portada é seguida por un índice do traballo.	A portada é orixinal e introduce o tema obxecto do traballo e aos autores, pero carece de índice.	A portada non é orixinal ou non introduce o tema obxecto do traballo ou aos autores, e carece de índice.
	8	O contido do traballo está ben estruturado: unha idea segue a outra nunha secuencia lóxica, con transicións e uso de títulos claros, mantendo o formato. É doado de ler.	O traballo está bastante organizado; aínda que algunha idea parece fóra de lugar, as transicións entre o resto son lóxicas e a orde empregada é clara. Ademais, mantense o formato, facilitando a súa lectura.	O traballo é un pouco difícil de seguir: algunhas ideas parecen fóra de lugar, ou empregáronse mal as transicións entre elas, a orde e/ou o formato.	As ideas dentro do traballo parecen estar ordenadas ao azar, con algunhas totalmente fóra de lugar. Ademais, non se mantén o formato, custa lelo.
	9	O final do traballo é orixinal, e inclúe unha reflexión profunda e conclusións.	O final do traballo inclúe unha reflexión e conclusións.	O final do traballo inclúe conclusións, pero sen apenas reflexión, e/ou parecen copiadas.	O final do traballo non inclúe reflexión nin conclusións, ou aparecen pero están copiadas doutra fonte.

	10	A extensión do traballo cínquese ao solicitado polo profesor ou a profesora, sen que sobre nin falte nada.	A extensión é lixeiramente superior ou inferior á solicitada, sendo todo relevante.	A extensión cínquese ac solicitado, pero a custa de eliminar partes importantes ou engadir contido sen lóxica.	A extensión é notablemente superior ou inferior á solicitada.
--	----	--	---	--	---

PROBA ESCRITA. EXAME OU CUESTIONARIO.

Ao longo da avaliación haberá varios exames parciais.

Ao final de cada avaliación o profesor fará unha proba escrita na que se reflectan os contidos, criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe que aparecen nesta programación.

No propio exame aparecerán os puntos atribuídos a cada resposta correcta.

Terase en conta sobre todo o nivel de coñecemento de cada tema pero tamén a claridade expositiva e a falta de erros gramaticais e ortográficos

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

En Grego II avaliarase a través do traballo diario, das avaliacións das unidades e, sobre todo, a través dos exames que se realizarán como mínimo unha vez por avaliación.

O alumno debe ser capaz de analizar e traducir textos gregos de dificultade crecente.

Tamén recoñecerá no léxico das linguas romances a orixe grega e a súa evolución fonética, morfolóxica e semántica e deducirá regras básicas de derivación e composición.

Debe tamén ser capaz de responder cuestións sobre cultura clásica dos temas vistos neste curso pero tamén dos temas do curso anterior.

A avaliación será continua polo que se valorarán os coñecementos finais. Non se fará media das notas das avaliacións aínda que se terán en conta pero será conditio sine qua non aprobar a última avaliación e demostrar que se está en condicións de aprobar un exame do estilo dos das ABAU tanto en dificultade como en tempo.

En cada avaliación puntuarase de este xeito:

O 40 % corresponde a exames parciais, incluído un exame final de gramática. Estes exames terán unha cantidade de contidos e dificultade cada vez maior, polo que o seu valor será proporcionalmente mais alto.

Outro 50% corresponderá a un exame de avaliación.

Outro 10% corresponde a un examen sen diccionario dun texto dos vistos previamente na aula.

DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS A ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS.

Esta materia é continuación de Grego I. A principio de curso farase un breve repaso dos contidos mínimos do ano anterior, sobre todo no relativo ao bloque gramatical. Eso servirá ao alumno para refrescar na súa memoria o

aprendido e ao profesor para reforzar aquilo que considere que sexa necesario para comenzar o curso sen problemas. Non se prevé ninguna proba escrita senon que, dado o baixo número de alumnos que collen esta materia, a observación e o diálogo na propia aula parece suficiente.

PROCEDEMENTO PARA A CUALIFICACIÓN DA MATERIA PENDENTE.

Ao ser unha asignatura dun curso de carácter terminal non se da a posibilidade de que un alumno quede con Grego II pendente.

PROCEDEMENTO PARA O ALUMNADO QUE CAMBIE DE MODALIDADE.

O alumno que non tivera Grego I e se matricule en Grego II será tratado como un alumno pendente.

METODOLOXÍA DIDÁCTICA.

Impulsarase a autonomía persoal do alumno no proceso de ensino-aprendizaxe. O alumno debe ser copartícipe dende o primeiro momento do seu proceso de aprendizaxe e apreciar a coherencia e a integración dos distintos contidos e a súa utilidade inmediata e futura na súa vida cotiá, académica e profesional. Non debe ser o profesor o que atiborre de datos ó alumno para a súa memorización senón que polo contrario debe ser o rapaz o que partindo dun fenómeno actual chegue mediante a súa investigación ó seu antecedente histórico e á súa explicación. Con este método deductivo o alumno estará máis motivado, o interese será maior e a aplicación práctica tamén.

Non se pode separar o aspecto lingüístico do cultural nesta materia senón que deben abordarse paralelamente.

A partir do coñecemento do mundo antigo nos seus aspectos históricos, políticos, sociais, relixiosos, culturais e artísticos e da súa comparación en paralelo coa vida actual chégase á comprensión da súa evolución e transformación nas formas actuais de organización sociocultural facendo fincapé nos aspectos comúns e na pervivencia do pasado. É moi importante esta posta en paralelo e este achegamento á vida cotiá do alumno para favorecer a súa motivación e o seu compromiso no aprendizaxe.

Por outra banda a mellora da comprensión e expresión do alumnado farase mediante a realización de exercicios variados de léxico, e de morfosintaxe que o leven ó uso correcto da súa lingua e tamén á utilización da etimoloxía e dos cambios fonéticos para recoñecer a orixe dos termos que utiliza e para usalos con propiedade, mellorando a súa comunicación.

A lectura é fundamental nesta asignatura. Hai que poñer a disposición dos alumnos tanto textos clásicos como textos das culturas posteriores e contemporáneas cotexándoos para observar a pervivencia e a evolución dos distintos aspectos estudados. Hai que coidar que o nivel dos libros de consulta sexa asequible ós alumnos pese a que pode haber unha grande diversidade entre eles. Algúns necesitarán libros case infantís mentras que outros preferirán lecturas máis profundas. Ademais dos libros de investigación para facer os traballos de clase debe haber tamén novelas e relatos históricos tan de moda en tódalas épocas. Como sempre, hai que atender ás diferencias individuais dos nosos alumnos e darlles a resposta que precisan para a súa evolución integral.

O libro de texto con ser importante non é definitivo. Ningún dos manuais se adecuará exactamente á programación do profesor polo que deberá ser constantemente complementado con outros materiais de apoio.

Os mapas para a localización espacial, as diapositivas para a arte e o urbanismo e os fragmentos de películas de video, tanto documentais como de ficción, (dentro da legalidade vixente), farán que, en algún caso, unha imaxe valga máis que mil palabras. En Grego existen actualmente varias películas que se adecúan bastantes aos contidos da asignatura e que a fan mais atractiva para os alumnos. Non é o mesmo oír as explicacións do profesor ou estudialas no libro que ver e sentir nunha película. Por eso nesta asignatura utilizamos moito este medio audiovisual como método de enganche a un determinado tema, para logo matizalo e correxilo na aula ou por medio de algún traballo cotexando o visto na película cas fontes clásicas ou as modernas investigacións sobre cada tema.

A utilización das novas tecnoloxías como é o ordenador e internet son tamén moi interesantes e o seu uso como material didáctico de primeiro orde non pode ser esquecido. Por iso esta asignatura fai a súa contribución ao plan TIC como mais abaixo se especifica detalladamente.

Intentarase tamén as visitas a restos arqueolóxicos de interese ou a posibles representacións teatrais sempre dentro das posibilidades do Centro.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Neste curso, dado que non se puideron completar os obxetivos do ano anterior, seguiremos a usar o libro de texto de Grego I e outros recursos que nos permitan repasar e avanzar nos contidos ata adquirir o nivel de coñecementos indispensables para empezar co temario de Grego II.

En canto se poida comezaremos a traducir os exames de Grego de Selectividade ou ABAU de anos anteriores que o profesor lles dará fotocopiados ou que os propios alumnos poden descargar da páxina da CIUGA.

Haberá tamén os textos dos autores Xenofonte e Apolodoro propostos polo grupo de traballo da CIUGA que o profesor lles dará aos alumnos para practicar a tradución.

Por outra banda o profesor daraslle fotocopiados os apuntes de literatura feitos por él.

Na aula-departamento hai fragmentos de libros que os alumnos deben ler de xeito obrigatorio. A lectura farase na aula. De non ser posible por non haber ensino presencial buscarase unha maneira de que os alumnos poidan ler estes libros na súa casa ou ben o profesor llos leerá por videoconferencia.

Na aula-departamento hai multitude de libros axeitados a todos os niveis (desde libros e contos infantís ata ensaios para especialistas) e a todos os temas tratados no curso (mitoloxía, arte, sociedade, historia...) Todos estes libros están a disposición do alumnado ben para os traballos do curso ben para o seu disfrute na casa se teñen curiosidade por algún aspecto do temario.

Temos tamén abundantes recursos audiovisuais como películas e documentais que están tamén a disposición do alumnado previo permiso do profesor e/o dos pais no caso de que conteñan esceas ou contido que poida ser considerado non apropiado para a súa idade.

En Internet hai páxinas web de cultura clásica de elevada calidade que poden ser empregadas tamén como recurso didáctico.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. Ao comezo de curso o profesor ,en caso de terse detectado algún alumno con necesidades especiais, debe:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).

Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos no grupo para favorecer a intervención individual).

- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

Esta táboa pode servir de axuda sobre cómo actuar no caso de ter algún alumno que poida necesitar medidas de atención á diversidade.

TRATAMENTO DA DIVERSIDADE INDIVIDUAL		MEDIDAS PARA A DIVERSIDADE	GRAO DE CONSECUCCIÓN
DIVERSIDADE NA COMPRENSIÓN E	Non ten ningunha dificultade para entender os contidos.	Seleccionar contidos cun grao maior de dificultade.	
	Entende os contidos, pero, en ocasións, resúltanlle difíciles.	Seleccionar os contidos significativos de acordo á súa realidade.	
	Ten dificultades para entender os contidos que consideran.	Seleccionar os contidos mínimos e expoñelos simplificando a linguaxe e a información gráfica.	
DIVERSIDADE DE CAPACITACIÓN E DESENVOLVEMENTO	Non ten dificultades (alumnos e alumnas de altas capacidades).	Potenciar estas a través de actividades que lle permitan poñer en xogo as súas capacidades.	
	Ten pequenas dificultades.	Propoñer tarefas nas que a dificultade sexa progresiva de acordo ás capacidades que se vaian adquirindo.	
	Ten dificultades.	Seleccionar aquelas tarefas de acordo ás capacidades do alumnado, que permitan alcanzar os contidos mínimos esixidos.	
DIVERSIDADE DE INTERESE E MOTIVACIÓN	Mostra un grande interese e motivación.	Seguir potenciando esta motivación e interese.	
	O seu interese e motivación non destacan.	Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas variadas.	
	Non ten interese nin motivación.	Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas máis procedementais e próximas á súa realidade.	
DIVERSIDADE DE AUTONOMÍA E RESPONSABILIDADE	Encontra solucións aos problemas que consideran en todas as situacións.	Seguir fomentando esta capacidade.	
	Encontra solucións aos problemas que consideran nalgunhas situacións.	Propoñer problemas cada vez con maior grao de dificultade.	

	Ten dificultades para resolver problemas nas situacións que consideran.	Propoñer problemas de acordo ás súas capacidades para ir desenvolvéndoas.	
N A DIVERSIDADE COMUNI CACIÓN	Exprésase de forma oral e escrita con claridade e corrección.	Propoñer tarefas que sigan perfeccionado a expresión oral e a escrita.	
	Ten algunha dificultade para expresarse de forma oral e escrita.	Propoñer algunhas tarefas e debates nos que o alumnado teña que utilizar expresión oral e escrita co fin de melloralas.	
	Ten dificultades para expresarse de forma oral e escrita.	Propoñer actividades co nivel necesario para que o alumnado adquira as ferramentas necesarias que lle permitan mellorar.	

PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

A LOMCE pretende atender ó desenrolo integral dos alumnos formándoos como persoas autónomas, reflexivas e críticas.

Os valores non teñen un contido específico senón que son un entramado de coñecementos e habilidades que se integran nas diversas áreas do currículo, poñendo o acento sobre problemas da nosa sociedade que implican un cambio de actitudes e unha toma de decisión para actuar nunha dirección determinada.

Na nosa asignatura estes temas están presentes de forma continua durante todo o proceso de ensino-aprendizaxe.

Educación para a igualdade entre sexos

A reflexión se centra no papel da muller na antigüidade e no que ten hoxe en día. Ailladas da vida política, sen entidade xurídica nen social, separadas dos homes incluso fisicamente, sen ter o mesmo dereito á educación, criadas para o matrimonio e a maternidade, mortas moitas delas ó dar a luz ou ó abortar, e incluso coa lacra do infanticidio masivo de nenas. Respetadas como matronas, adoradas como deusas ou rechazadas formaban a metade daquela cultura. Hoxe en día a situación cambiou sí pero non en tódolos ámbitos nin en tódolos pobos do mundo. A toma de conciencia é o paso indispensable para chegar á igualdade.

Neste senso tamén se pode falar da homosexualidade en Grecia para chegar á tolerancia na identidade sexual dos individuos.

Educación para a paz

Aquí trátase de recoñecer que tódolos homes e mulleres somos libres e iguais en dereitos sen distincións de raza, sexo, nacionalidade ou relixión. O alumno debe apreciar e valorar a diversidade lingüística e cultural de España e de Europa como mostra de diversidade e riqueza cultural.

Na nosa asignatura pódese abordar a problemática da guerra, o papel do exército, a conquista de terras e o asoballamento dos pobos conquistados, a falta de respecto pola diversidade lingüística e cultural que levou á morte das linguas vernáculos e a destrución de civilizacións.

Pódese falar por outro lado da discriminación social ó falar das diversas clases sociais e as súas loitas cara á igualdade e sobre todo a lacra da escravitude que é a antítese do respecto á dignidade humana.

Por último pódese falar tamén dos problemas que conleva a emigración, tanto para os propios emigrantes como para o país receptor, ó tratar o tema das colonizacións na época antiga.

Educación para o lecer

Pódense comparar as actividades no tempo de lecer da antigüidade coas actuais para orientar ó alumno na satisfacción do seu tempo libre. Dende os xogos de nenos, os deportes (ver por exemplo os Xogos Olímpicos), as diversións dos adolescentes ata as festas tradicionais, os banquetes, os espectáculos no teatro, no circo e no anfiteatro, as lecturas públicas e privadas, o arte, o mecenazgo, ,...

Educación ambiental

Pódese sensibilizar ós alumnos para que se impliquen no mantemento e conservación das pegadas do mundo clásico no contorno natural reflexionando sobre os avances tecnolóxicos, sobre como os antigos aproveitaban os recursos naturais das zonas (por exemplo á hora de construír as súas vilas, as pontes, os acueductos, á hora de aproveitar as herbas medicinais, os tintes naturais para a roupa, a maquillaxe, etc.) e como explicaban os fenómenos naturais nos seus mitos e na súa filosofía.

Poden tamén aprender a valorar e conservar os restos arqueolóxicos do seu entorno, postos ás veces en perigo en aras do avance tecnolóxico.

Educación moral e cívica

O alumno debe aprender a usar o diálogo como a forma correcta de transmitir as súas ideas, pensamentos e opinións respectando as dos demais.

Vai tamén identificar os distintos sistemas políticos e valorar as institucións e as leis como garantes da súa liberdade.

E tamén importante que se sinta comprometido na conservación do seu patrimonio artístico, lingüístico e cultural.

CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

En grego a lectura farase dentro da aula. Cada trimestre proporase a lectura en clase de fragmentos dunha obra ou o libro completo de autores gregos dos estudados nos temas de literatura correspondentes que o profesor considere especialmente relevantes e adecuados para o seu estudo na aula. Estas lecturas se comentarán e debatirán na clase e se avaliarán dentro do exame na parte de Literatura.

CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.

Na metodoloxía usada no proceso de ensinanza-aprendizaxe desta materia xa aparece reflectida a nosa contribución ao plan TIC.

Por parte do profesor as “novas” tecnoloxías son utilizadas a cotío na aula. Cada vez que xurde unha dúbida para a que non ten resposta acude a Internet para intentar atopar a solución ou lles manda aos alumnos como tarefa que a busquen eles mesmos. Mui a miúdo se lles poñen aos alumnos na aula contidos de páxinas web que exemplifican, profundizan ou resumen o dito polo profesor. Utilízanse fragmentos de documentales e películas, dentro da legalidade, para explicar visualmente certos contidos. Se lles recomentan páxinas web e incluso de Facebook ou Twiter de cultura clásica, latín e grego para que sacien a súa curiosidade por estes temas.

Por parte do alumnado as TIC úsanse para facer certos exercicios dixitais que veñen no disco do libro de texto de Anaya. Tamén se utiliza Internet para buscar calquera tipo de información que necesiten para solucionar algunhas tarefas. E sobre todo para facer o traballo trimestral sobre un tema proposto polo profesor e para o que van ter que buscar información na rede.

No departamento temos abundante material audiovisual a disposición do alumno, previo permiso do profesor.

Bótase en falta unha maior dotación de ordenadores porque na aula-departamento só temos un e mui vello, e levar aos alumnos á aula de Informática ou á Biblioteca supón unha grande perda de tempo, e sempre e cando eses ordenadores estén libres.

CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

A lei 4/2011, do 30 de xuño, de Convivencia e participación na Comunidade Educativa, fai fincapé na necesidade de manter un clima de convivencia e armonía nos centros educativos, baseado no respecto mútuo, pero tamén en promover valores, actitudes e prácticas que permitan unha mellor convivencia escolar.

Seguindo estas directrices, o IES Punta Candieira desenvolve un programa de convivencia que promove a relación positiva e afectiva entre os membros da comunidade educativa. Así, existe unha aula de convivencia onde se desenvolve unha estratexia pedagóxica dirixida á resolución de problemas e conflitos, entendida como un espazo de reflexión e observatorio de convivencia. Lévanse a cabo actividades dentro do horario de titoría encamiñadas ó desenrolo individual da persoa, así como programas de habilidades sociais e encontros familia - escola buscando a mellor colaboración e máxima eficacia.

Nesta liña, o Departamento de Clásicas participa de forma directa no desenvolvemento do Plan de Convivencia do centro.

E xa dentro do ámbito xeral, levamos a cabo unha participación directa nas actividades de atención educativa e atención á diversidade que funcionan dentro do marco educativo do noso instituto.

Tal e como se reflexa no plan de Convivencia, cremos que a convivencia e a participación é un dos obxectivos fundamentais da educación, e non debe centrarse simplemente nunha aplicación de medidas disciplinarias; por iso pretendemos desenvolver no noso alumnado unha serie de valores e habilidades de comunicación e relación social. A pesar de todo, sabemos que os problemas de convivencia aparecerán porque son propios de calquera sistema de relacións humanas, pero a prevención contribúe a reducilos. Por iso intentamos dentro e fora da aula:

- Manifestar entusiasmo pola materia e dar exemplo de dedicación e interese para favorecer a dedicación do alumnado ao estudo.
- Favorecer sesións de grupo para detectar os valores e normas relacionadas coa dedicación ao estudo e á educación
- Crear un clima de conforza co alumnado, e transmitirlle individualmente os valores básicos relacionado coa disciplina do Centro.

- Informar e solicitar colaboración á familia en relación cos problemas observados na aula
- Ensinar as normas de disciplina de maneira adecuada á capacidade e etapa evolutiva do alumnado
- Explicar como as normas son necesarias para a boa marcha da clase
- Propiciar a participación do alumnado na procura de solucións aos problemas disruptivos que presente na aula
- Analizar a efectividade das medidas utilizadas a curto e a longo prazo

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Este curso, como todos desde hai xa moitos anos, os alumnos terán a posibilidade de acudir a unha excursión a Lugo ou Coruña no mes de marzo. Alí aproveitaremos para coñecer algúns dos museos da cidade e sobre todo para acudir á representación dunha traxedia grega e dunha comedia romana nas que os actores son rapaces de instituto de idades semellantes as dos nosos alumnos. Esta saída ten pois unha compoñente didáctica de primeiro grado pero tamén é unha oportunidade única para ver o aspecto mais lúdico da cultura clásica.

PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.

Unha vez ao mes o profesor revisa a programación e o seu grado de cumprimento e pon por escrito na acta do Departamento as posibles desviacións da mesma cos motivos que levaron a esa situación e as propostas de mellora que pensa levar a cabo.

Tras analizar a situación recollerá no libro de Actas o seu análise, as conclusións pertinentes e as propostas de mellora e os cambios na programación que considere oportunos.

Información ás familias e ao alumnado.

A principio de curso o profesor informará aos alumnos na aula sobre a programación da materia e o seu dereito e o da súa familia a consultar dita programación en calquera momento. A programación completa estará á súa disposición ben no departamento, ou ben en Xefatura de Estudos. Por outra banda, na páxina web do Centro haberá a posibilidade de dispor ou ben da programación completa ou ben dun resumo de contidos e criterios de cualificación que calquer membro da comunidade educativa poderá consultar en calquera momento. Ademais dito resumo, por escrito, estará á vista do alumnado nun lugar disposto pola dirección do centro.

En calquera caso, se as familias teñen alguna dúbida ben sobre a programación ou ben sobre calquer outro aspecto relacionado coa educación dos seus fillos por parte de este departamento, sempre pode pedir cita para ser recibido polo profesor ou a Xefa de Departamento, nas horas dispostas para atención a pais.

Esta programación foi aprobada polo Departamento de Clásicas, en Cedeira, o día 20 de setembro de 2022.

A Xefa de Departamento, M^a Belén Caridad Barral

